Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación coa autovía A-55 (Vigo-Portugal) e o treito Puxeiros-O Porriño da AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 5069 (12/PNC-000612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as condicións que debe cumprir a Xunta de Galicia en relación coa execución do novo proxecto de modernización do regadío na comarca da Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 5074 (12/PNC-000613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis



Sobre o traballo que debe levar adiante o Goberno galego co fin de seguir impulsando os seus proxectos e compromisos en materia de saúde mental

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 5076 (12/PNC-000614)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central verbo do financiamento para o desenvolvemento da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) nos vindeiros cursos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 5079 (12/PNC-000615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia e as medidas que debe adoptar no que concirne á mellora da atención sanitaria dos centros de saúde de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 5089 (12/PNC-000616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore nos vindeiros seis meses un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral que afronte os retos dos novos contextos do mundo do traballo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 5094 (12/PNC-000617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que habilite fondos correspondentes á medida denominada «destilación de crise», dos programas de apoio ao sector do viño, para as adegas galegas con excedentes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 5099 (12/PNC-000618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda ao Goberno galego da apertura dun proceso de diálogo cos grupos parlamentarios, coas entidades sociais e coa Fegamp co obxecto de estudar o modelo de xestión dos residuos urbanos e a ordenación desta materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 5108 (12/PNC-000619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que atinxe á empresa Navantia e á negociación das condicións laborais do seu persoal

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 5113 (12/PNC-000620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que se incorpore ao consello de administración de Navantia e de que se repartan proporcionalmente, segundo o actual volume de emprego de cada centro de traballo, as 1.500 novas contratacións anunciadas nesta empresa

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 5118 (12/PNC-000621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación co conflito xurdido no ámbito da prestación da asistencia xurídica gratuíta

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 5130 (12/PNC-000622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que se incorpore ao consello de administración de Navantia e de que leve a cabo determinadas actuacións referidas á adxudicación da carga de traballo, ás infraestruturas e á política de compras e subcontratacións

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 5137 (12/PNC-000623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a construción da variante de Alba, no concello de Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 5240 (12/CPP-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da valoración do Goberno galego da vintena de informes emitidos polo Consello de Contas que aínda non foron debatidos no Parlamento de Galicia, e singularmente do último, referido ao sistema de financiamento do noso país

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 4836 (12/INT-000294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o avance na política de protección da infancia e da adolescencia fronte á violencia

- 4842 (12/INT-000295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a neutralización das barreiras económicas no acceso ao material escolar como vía para materializar a total gratuidade das etapas obrigatorias do ensino

- 4872 (12/INT-000296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a eficacia do actual modelo de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais

- 4873 (12/INT-000297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a eficacia da actual configuración do dispositivo de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais

- 4949 (12/INT-000298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as políticas contra a explotación sexual que está a deseñar a Xunta de Galicia

- 4955 (12/INT-000299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a articulación das prestacións públicas destinadas ás persoas en situación ou en risco de pobreza ou exclusión social

- 5005 (12/INT-000300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás



Sobre a evolución dos proxectos impulsados logo da pandemia para a dinamización do tecido produtivo

- 5009 (12/INT-000301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a eficacia dos fondos Next Generation para a consecución en Galicia dos obxectivos que impulsaron a creación deste instrumento

- 5018 (12/INT-000302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a importancia da consolidación da formación continua no sector agroforestal

- 5049 (12/INT-000303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa da industria automobilística en Galicia no novo contexto de transformación deste sector

- 5086 (12/INT-000304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a configuración dunha proposta galega ante os resultados para Galicia do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común durante o período 2009-2021

- 5088 (12/INT-000305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a adecuación das políticas de seguridade e prevención da saúde no traballo ás grandes transformacións actuais do mundo laboral

- 5103 (12/INT-000306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

- 5111 (12/INT-000307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a importancia de coidar as condicións laborais e salariais das empresas públicas que constitúen o motor económico dos territorios en que están instaladas

- 5116 (12/INT-000308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre os plans de emprego de Navantia e a distribución das novas contratacións entre os seus distintos centros produtivos

- 5117 (12/INT-000309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a situación en Galicia do servizo de asistencia xurídica gratuíta

- 5133 (12/INT-000310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o plan industrial que necesitan os centros de Navantia en Ferrol para o desenvolvemento das súas potencialidades

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 29 de maio, sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación (doc. núm **3449**, [12/INT-000233]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Rematar coa derivación permanente de recursos públicos cara a sanidade privada, tomando todas as medidas para que a rede pública teña os recursos precisos tanto materiais como humanos para atender a demanda existente, a empezar por ter operativos en horario de mañá e tarde todos os recursos dos que dispón o Sergas, aparatos diagnósticos, camas, quirófanos..

2.- Presentar un informe coas derivacións realizadas a centros alleos á rede hospitalaria do Sergas nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas,

3.-Presentar un informe especificando a contratación de servizos sanitarios con entidades privadas nos últimos cinco anos (atención hospitalaria, oxigenoterapia, diálise...) co número de contratacións, modalidade da mesma e importe de cada contrato, desagregado por entidade.

4.- Realizar unha auditoría externa, e presentar un informe co resultado da mesma no Parlamento galego no que consten a totalidade dos contratos menores e negociados sen publicidade realizados polo Sergas nos últimos cinco anos, agrupados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xeito que se poida ter información detallada dos conceptos, órgano contratante, adxudicatarios, condicións de execución... para poder determinar a imposibilidade ou non de realizar estas licitacións por procedementos que respecten a concorrência.

5.- Realizar as modificacións precisa na web da Plataforma de Contratos da Xunta, de xeito que se introduzan os filtros que sexan necesarios para facilitar a localización e consulta dos expedientes e a discriminación por tipo de contratos, empresas, centro de gasto, permita a exportación de resultados...

6.- Poñer fin, como lle ven demandado o Consello de Contas:

a) Á práctica de contratación, de forma directa, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, e actuar con transparencia na contratación pública.

b) Á extensión dos contratos para actividade concertada mediante a formulación de cláusulas de interese público e de "autorizacións de uso" .

c) Ao gasto de actividade concertada sen o necesario sustento contractual e unicamente documentado a través de ADOK.”

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2024 10:36:26

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2024 10:36:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 29 de maio, sobre fomento dos vínculos coa lusofonía (doc. núm **1475**, [12/INT-000077]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a desenvolver as seguintes liñas de actuación para o desenvolvemento e impulso da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía:

1. En materia de telecomunicacións/recepción de medios de comunicación:

-Demandar ao Estado a ampliación do múltiplex autonómico para as emisións televisivas e radiofónicas en Galiza de canles de televisión de Portugal.

-Pór en marcha as medidas técnicas para facilitar a emisión en Galiza de, como mínimo, unha canle de televisión e radio portuguesa de entre as dispoñíbeis no actual múltiplex autonómico galego da TDT.

2. En materia de ensino do portugués:

-Elaborar un plan para a implantación paulatina da lingua portuguesa en todos os centros de secundario, co obxectivo de multiplicar por dúplicar o número actual de estudantes ao final da presente lexislatura

-Ofrecer a ensinanza do portugués como lingua estranxeira non avaluábel en educación primaria, de xeito paulatino. Paralelamente, formar profesorado de primaria para a adquisición da especialidade a iniciar a oferta de prazas de lingua portuguesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ofrecer a lingua portuguesa en todas as escolas oficiais de idiomas de Galiza para o curso 2024-2025.

-Ofrecer a lingua portuguesa na prematrícula de todos os centros de ensino secundario no curso 2025-2026.

-Incrementar de xeito significativo o número de prazas de profesorado de portugués como lingua estranxeira en educación secundaria na próxima convocatoria de oposicións (un mínimo de 10 prazas na convocatoria de 2025).

-Fomentar a consolidación das prazas de profesorado especialista en lingua portuguesa en educación secundaria.

-Ampliar a oferta do plan de formación de lingua portuguesa na EGAP, e inicio dunha campaña informativa para os funcionarios e funcionarias.

-Pór en marcha unha campaña de difusión das vantaxes da aprendizaxe do portugués, centrada nos centros de ensino mais tamén para a súa divulgación noutros ámbitos sociais, antes de que remate 2024.

3. En materia lexislativa e de impulso das relacións coa Lusofonía:

-Avanzar no desenvolvemento regulamentario da Lei Paz-Andrade, comezando pola aprobación nos próximos seis meses dun decreto que regule a implantación do portugués como lingua estranxeira na educación en Galiza.

-Remitir, antes de que remate o primeiro semestre do ano, ao Parlamento un informe en relación co desenvolvemento, avances e planificación para 2024 a respecto da Lei Paz-Andrade.

-Solicitar a presenza directa de Galiza na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa como observadora asociada.

-Pór en marcha de xeito inmediato o Observatorio da Lusofonía Paz-Andrade, e iniciar os seus traballos, coa aprobación no presente ano dun plan plurianual de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuación con obxectivos, liñas de actuación, medidas, orzamento e mecanismos de seguimento e avaliación.

-Modificar o artigo cuarto da LEI 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, referida á Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e lusofonía, para incluír a definición da estratexia para a relación de Galiza con outros países de lingua portuguesa.

- Elaborar un estudo para a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa coas seguintes funcións:

- o Representación institucional de Galiza
- o Fomento da cultura galega
- o Relacións económicas e empresariais
- o Relacións cos países lusófonos.”

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 31/05/2024 14:06:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2024 14:06:41





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
armando.ojea.bouzo@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado por D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, presenta ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, a seguinte **MOCIÓN para substanciar a Interpelación debatida na a sesión plenaria celebrada o 29 de maio do 2024**, no que se refire a coñecer o que se vai facer co suelo industrial de Galicia e, máis concretamente, co espazo mercado pola Xunta de Galicia no Val da Rabeda, xa que a propia Xunta confirma que as singularidades da zona impiden o aproveitamento inicialmente concebido como chan industrial (**INT3468 do punto 4.3 da orde do día do mencionado pleno**).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, á construción dun circuito de velocidade para que se poidan realizar eventos nacionais e internacionais (rallycross, que pode integrar trazados paralelos tamén para autocross, motocross ou trial, así como cursos de proba e conducción de material de competición), **dado que a explotación como chan industrial do Val da Rabeda non é posible** polas singularidades sinaladas pola Xunta e toda vez que este espazo leva décadas sen uso. Entendemos que un circuito de velocidade é un uso axeitado e desexable para a Provincia de Ourense e para Galicia. Todo isto dado que a proposta que instamos é intrínsecamente plástica, no senso de que se **pode idear un circuíto cun trazado que evite as singularidades** que facían inviable o uso inicial, sendo ademáis que este **suporía un hito na historia da locomoción para Galicia e Ourense que axudaría a favorecer a entrada de xente de toda Europa e o desenrolo económico da zona**, cun calendario continuo de actos multitudinarios, ademáis de satisfacer unha demanda de esta infraestrutura deportiva, que leva sendo prantexada dende os anos 70 por un amplo colectivo de poboación en Ourense.

Santiago de Compostela, 31 de Maio de 2024.

Fdo. D, Armando Ojea Bouzo.
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 18:18:49
Nº Rexistro: 5201
Data envío: 31/05/2024 18:18:49.182

34948827M ARMANDO OJEA (R: G16448011) na data 31/05/2024 18:17:34

CSV: BGR1803-SZ7E819Gf-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Alberto Pazos Couñago, Cristina Campero Dorado, Cristina Sanz Arias, María Felisa Rodríguez Carrera, Miguel Fidalgo Iglesias e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria canto antes sobre este tema.

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia puxo en marcha o PROXECTO NÓS en colaboración coa USC, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation por importe de 15M€ que ten por obxectivo favorecer a creación de ferramentas que permitan que o galego estea presente en todos os ámbitos, especialmente no tecnolóxico con sintetizadores de voz, recoñecedores de fala ou xeradores de lingua natural.

Pola súa envergadura, esta proposta terá efectos tanto no sector público como no privado: prevese unha mobilización de máis de 45M€ e a creación de 450 empregos novos, directos e indirectos.

A Xunta de Galicia, a USC e a Uvigo asinaron un convenio para dotar 600.000€ anuais que serven para avanzar no traballo de campo e deseñar os prototipos de recursos.

O PERTE Nova Economía da Lingua foi formulado polo Goberno central coma unha importante oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais como factor de crecemento económico e competitividade internacional.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Para iso, o devandito Plan foi dotado cun orzamento de 1.100 millóns de euros, contando ademais con mobilizar outros 1.000 millóns procedentes de investimentos privados.

O Goberno galego, como xa ten demostrado, é consciente da importancia da lingua para que Galicia poida seguir medrando. Por iso, presentou unha iniciativa tan importante coma o Proxecto Nós, cun orzamento de 15 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 2 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que vaia completando a súa parte na dotación co fin de achegar a totalidade dos 15 millóns de euros solicitados por Galicia no marco do PERTE Nova Economía da Lingua”.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 31/05/2024 12:37:19

Carmen Pomar Tojo na data 31/05/2024 12:37:34

José Luis Ferro Iglesias na data 31/05/2024 12:37:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Rubén Lorenzo Gómez na data 31/05/2024 12:38:00

Víctor Baladrón Lamas na data 31/05/2024 12:38:22

Julio García Comesaña na data 31/05/2024 12:38:31

Patricia García González na data 31/05/2024 12:38:45

Dolores Hermelo Piñeiro na data 31/05/2024 12:38:59

Raúl Santamaría González na data 31/05/2024 12:39:13

María Deza Martínez na data 31/05/2024 12:39:51

Cristina Campero Dorado na data 31/05/2024 12:40:05

Cristina Sanz Arias na data 31/05/2024 12:40:18

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/05/2024 12:40:32

Miguel Fidalgo Iglesias na data 31/05/2024 12:40:48

Borja Vereza Fraiz na data 31/05/2024 12:40:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

As unidades de alto risco (UAR) son zonas habilitadas nos centros hospitalarios para que poidan ser atendidos reos con doenzas que necesiten hospitalización.

Estas unidades atópanse localizadas nos centros hospitalarios pero gozan dunha especial protección fronte a posibles intentos de fuga, asaltos ou ataques violentos co fin de evitar poñer en perigo ao resto dos usuarios e aos profesionais sanitarios, a maiores están custodiadas por varios axentes da Policía Nacional.

Na actualidade a UAR de Pontevedra atópase no Hospital Provincial pero está previsto o seu traslado ao Gran Montecelo unha vez este comece a funcionar.

Desde os sindicatos policiais amosan a súa preocupación polo descoñecemento en relación á radicación e características desta nova unidade xa que, a día de hoxe, o Sergas non mantivo ningunha xuntanza con eles.

Trátase dunha unidade cuxas características específicas requiren que na súa radicación se teñan en conta moitos aspectos de seguridade, privacidade... que deben ser consensuados con representantes das Forzas e Corpos de Seguridade co fin de acadar o resultado máis satisfactorio posible, polo que desde o Partido Socialista entendemos que debe existir unha xuntanza previa





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 4812
Data envío: 23/05/2024 19:08:47,222

entre o xerente da area sanitaria de Pontevedra-Salnés e os representantes das Forzas e Corps de Seguridade co fin de establecer os criterios de localización e as características que debe ter a UAR no Gran Montecelo.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, a través do Sergas, se reúna cos representantes das Forzas e Corps de Seguridade do Estado para consensuar as características e radicación da nova Unidade de Alto Risco que vai ser creada no Gran Montecelo, así como as condicións temporais nas que van suplir este servizo mentres este traslado non sexa efectivo.

Santiago de Compostela, 23 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 19:05:03

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 19:05:22

Silvia Longueira Castro na data 23/05/2024 19:05:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/05/2024 19:05:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13398

@PSdeG



CSV: B0P5TRB03nA5@v55.012
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que impulse a Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPIVI) en todos os centros educativos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade social é cada vez máis complexa e convulsa. Son nas etapas da infancia e mocidade que se producen adiccións ás novas tecnoloxías, acceso a información sesgada e dirixida á violencia, ao porno de todo tipo, ás distintas fobias ás persoas con diversidade, xunto coa aparición nos medios de comunicación de grupos políticos ultras que fomentan legalmente discursos xenófobos e violentos.

Neste escenario, a convivencia entre o alumnado xera problemas, entre eles o Acoso Escolar ou Bullying, e corresponde dende a Administración competente en Educación, poñer a disposición dos centros escolares todos os medios ao seu alcance para que educar na diversidade e convivencia sexa un feito real e tanxible.

Podemos poñer enriba da mesa ás Leis aprobadas na última década para acotar este gran problema social e educativo, pero a realidade é que non se poden desenvolver se non se dan as circunstancias e medios que o permitan.

A Lei estatal de convivencia 4/2011, de 30 de xuño e o decreto 8/2015 que desenvolve a estatal, por sí mesmas non teñen capacidade de resolver ou aínda que fora,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mellorar a situación de convivencia entre o alumnado e do alumnado cara ao resto da comunidade educativa.

Nos últimos anos déronse importantes pasos para establecer todos os mecanismos posibles para a prevención, detección precoz e atención da infancia vítima da violencia coa aprobación da Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPVI).

Esta lei reconece que a violencia cara á infancia e adolescencia é unha realidade moi estendida, con diversas causas e efectos múltiples que se dan en variados contextos, a miúdo ocultos. Existen espazos que consideramos inicialmente seguros para nenas, nenos e adolescentes que son os contextos onde máis casos poden darse de violencia.

Deste xeito, este marco legal pon o foco nos distintos profesionais que desenvolven as súas responsabilidades nunha contorna próxima á infancia e adolescencia, ordenando unha maior sensibilización e capacitación para a prevención, detección precoz, atención e reparación ás vítimas de violencia. Pero tamén pon o foco nas familias, ordenando unha maior sensibilización e concienciación destas ata acadar a tolerancia cero a calquera tipo de violencia.

O Acoso escolar é a manifestación máis importante e cruel deses problemas de convivencia xa que trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano, é repetida no tempo e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.

Na maioría das ocasións este acoso ven determinado por algún tipo de discriminación que se converte en obxecto de persecución por parte do alumnado cara a un/unha alumna.

Esta situación deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos, secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves e que en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demasiadas ocasións forma parte do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital.

Numerosos informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc. concordan en que os recursos aportados dende a Xunta de Galiza aos centros educativos son absolutamente insuficientes para abordar o drama do acoso nos nosos días e que leva, en demasiadas ocasións, a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo.

A finais de setembro de 2023, a Consellaría de Educación comunicou que aprobaran o Plan Integral contra o acoso e o ciberacoso escolar 2023-2025, que íase aplicar neste mesmo curso e que contiña un conxunto de accións específicas na "intensa loita" neste ámbito. Dentro destas medidas atopábase a instalación de 'puntos laranxas', a modo de buzóns, tanto físicos como virtuais, a través dos cales o alumnado podería denunciar de forma anónima e segura estes casos.

Pero a realidade é que, salvo esta cuestión, a creación da Comisión de Convivencia nos centros e formación ao profesorado, aínda non existen as ferramentas precisas para loitar con firmeza e decisión fronte á violencia na infancia e mocidade, malia que a responsabilidade de impulsar e implantar as medidas da LOPIVI é da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a asumir por parte da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, as seguintes accións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Impulsar a implementación da Lei Orgánica 8/2021 de protección Integral á Infancia e Adolescencia fronte á Violencia en Galiza dotando dos recursos precisos.

2- Promover campañas de sensibilización á cidadanía para a tolerancia cero a todo tipo de violencia cara a infancia e adolescencia.

3- Facilitar programas formativos aos distintos profesionais en contacto coa infancia para a mellora da prevención e a detección precoz da violencia, non só ao profesorado.

4- Impulsar a participación da infancia como instrumentos chave para traballar a prevención da violencia e xerar contornas seguras.

5- Mellorar os sistemas de recollida de datos para coñecer o alcance real da problemática da violencia e poder deseñar as políticas axeitadas para dar fin a este problema.

6- Impulsar as figuras de Coordinador/a de Benestar e Protección para centros educativos e o Delegado/a de Protección no ámbito deportivo e de ocio dotándoas da formación integral e continua, o orzamento e a disposición horaria precisa para desenvolver as súas funcións.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/05/2024 12:18:37

Ariadna Fernández González na data 24/05/2024 12:23:44

Iago Suárez Fernández na data 24/05/2024 12:24:03

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2024 12:24:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de implementar a gratuidade universal de libros de texto en todas as etapas e niveis de estudos obrigatorios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España, a inflación tocou o seu máximo en xullo de 2022, cando o IPC subiu un 10,8 %, aínda que os incrementos interanuais foron menores os prezos non se teñen reducido. O último dato do Instituto Nacional de Estatística (INE) é do mes de abril, cun alza do 3,3 % respecto a fai un ano. A mediados de maio coñecéronse tamén as subidas dos alimentos dese mesmo mes, un 4,7 % máis altos que fai un ano.

Segundo a Comisión Europea, o aumento dos salarios, o crecemento continuado do emprego e a caída da inflación deberían impulsar o poder adquisitivo no 2024 e no 2025, o que debería estimular o consumo. Pero isto non está a suceder así. O último barómetro de consumo de Cetelem (Banco de crédito ao Consumo) indica que o gasto en enerxía, alimentación e transporte disparouse nos últimos doce meses.

Tres de cada cinco persoas no Estado míranse obrigados a destinar máis orzamento para alimentación que fai un ano. Todas as familias teñen adoptado estratexias para preservar o seu poder adquisitivo. Mentres que o 69% dos fogares con rendas baixas renunciaron a actividades de ocio, un 39% míranse obrigadas a reducir o consumo de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igual acontece cos hábitos alimentarios. As familias que menos gañan van prescindir de produtos como a carne ou o peixe para reducir o custo da compra mensual.

E o máis preocupante é que un 42% tiveron que reducir a inxesta de alimentos en xeral: é dicir, comer menos. Deste xeito estanse reducindo non só a calidade dos produtos que compran, senón tamén a cantidade e a renunciar á compra de produtos ecolóxicos.

En setembro, no comezo do presente curso escolar, dende o BNG xa advertiamos da situación económica complicada das familias. Ao custo da bolsa da compra sumábase a do importe elevado en alugueiro, o recibo da luz ou mesmo da calefacción. Está á vista que foi a peor en lugar de mellorar e teremos un novo comezo de curso escolar aínda máis duro para as familias que en 2023. De novo en setembro terán que asumir o gasto extraordinario dos libros e material escolar e deportivo, que deixan ás familias sen recursos para asumir os demais gastos básicos.

En agosto do pasado ano, presentamos unha iniciativa que pedía medidas económicas complementarias para solventar ese gasto extra de setembro e plantexabamos a reflexión sobre un cambio de sistema que mellorara esta situación de cara ao vindeiro 24/25 que agora temos á vista.

O Partido Popular votou en contra daquela e sigue posicionándose na actualidade do mesmo xeito.

Dende o BNG pensamos que xa é tempo de que despois de 15 anos ao fronte da Xunta de Galiza, o PP planifique financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde dí textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.

Pero a realidade é que o PP volta de novo a convocar as mesmas axudas nun corta e pega das anteriores e usar o mesmo método que esquilmará de novo ás familias un ano máis.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Programar e planificar para o vindeiro curso escolar un sistema de gratuídade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas obrigatorias por un número mínimo de anos.

2.- Tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, reducir o máximo posible o número de libros de texto, que produciría beneficios físicos entre o alumnado ao non ter que cargar peso excesivamente, pero garantindo a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias.

3.- Reforzar a plataforma e contidos do Proxecto Educativo E-Dixgal para que poida ofrecer tanto ao persoal docente, como ao alumnado e as súas familias a formación e información suficiente como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/05/2024 12:37:04

Ariadna Fernández González na data 24/05/2024 12:41:34

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2024 12:41:48





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 26 de abril de 2024 publicase no DOG o anuncio de información pública do proxecto de trazado da glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418 (Malpica), de clave AC/23/089.06.

Segundo se indica no proxecto o obxecto do mesmo é:

A actuación prevista no presente proxecto comprende a creación dunha glorieta no P.Q. 15+470 da estrada AC-418 no núcleo de Malpica coa finalidade de mellorar:

- A seguridade viaria: preténdese así, reducir a velocidade de circulación dos vehículos ao aproximarse a este punto, especialmente sensible ao ser unha intersección que dá acceso a un colexio.
- A funcionalidade da estrada, xa que a glorieta funcionará como punto de xiro e cambio de sentido.

As obras viarias que se proxectan son:

- GLORIETA: O eixe definido para a glorieta é unha circunferencia de radio 14 m que coincide co anel exterior da calzada.
- ENTRADA GLORIETA: corresponde co tronco da estrada AC-418 dende o inicio do tramo proxectado no PQ 15+430 até a intersección onde se proxecta a glorieta.
- SAÍDA GLORIETA: corresponde co tronco da estrada AC-418 a par8res da intersección onde se proxecta a glorieta (PQ 15+480 da AC-418) até o final do treito no PQ 15+490.
- ACCESO CANIDO: defínese dito eixo para o enlace da glorieta coa actual rúa Canido e consta dunha lonxitude de 9,71 m.
- ACCESO COLEXIO: corresponde ao acceso dende a glorieta



proxectada co CEIP Milladoiro. O eixo conta cunha lonxitude total de 20,77 m.

2. ALEGACIÓNS

O presente proxecto debe dar cumprimento ao mandato das disposicións da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (en diante Lei 10/2014) e a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (non está en vigor o seu anexo), e en ausencia do desenvolvemento regulamentario da primeira, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barraras na Comunidade Autónoma de Galicia (na súa redacción actual, e en adiante DÁ 35/2000).

No ámbito estatal o Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e u8lización dos espazos públicos urbanizados e edificación (en diante RD 505/2007) e a Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a u8lización dos espazos públicos urbanizados. (en diante Ou.TMA/851/2021).

Así a lei 10/2014, indica:

Artigo 5. Accesibilidade en espazos públicos urbanizados.

1. As vías públicas, parques e demais espazos de uso público haberán de ser proxectados, construídos, restaurados, man8dos, u8lizados e reurbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas.
2. En zonas urbanas consolidadas, cando non puidese cumprirse algunha das devanditas condicións, formularanse as solucións alterna8vas que garantan a máxima accesibilidade posible, para o que se requirirá ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

Artigo 18. Acceso ao interior do edificios.

Os accesos a todo edificio haberán de garantir a accesibilidade ao seu interior mediante i8nerarios accesibles.


Consideramos que o presente proxecto non cumpre a normativa de accesibilidade, de feito e cando menos curioso que o proxecto non recolla en ningún apartado ou anexo o obrigado cumprimento da normativa de



accesibilidade.

Os accesos ao colexio público Milladoiro presentan actualmente una pendente media del 14,75 %, pendente xa elevada, por encima do 12 % (máxima pendente que recolle a norma8va para un i8nerario prac8cable). Estes acceso so u8lizados polos nenos e nenas a diario xa que o desembarque dos alumnos dos buses produce a pé da AC-418.

A implantación da rotonda neste punto provoca que a pendente do acceso ao colexio público aumente ata o 20,70 %, ramplas como as que temos no famoso porto do Mirador do Ezaro.



Imaxe 1: Perfil lonxitudinal extraído do proxecto do acceso ao Colexio Milladoiro

Lembramos que a Lei 10/2014, no artigo 5.2, a obriga de mellorar os accesos, neste caso empeóranse moito, xa que todo mundo comprende que unha pendente do 20,70 % e imprac8cable para calquera persoa con mobilidade reducida e incluso de grande dificultade para o resto da xente.



Tampouco nos consta a existencia do obrigatorio dítame da Comisión Técnica de Accesibilidade. O proxecto tampouco recolle as manobras de embarque e desembarque dos buses para deixa e recoller aos cativos na entrada e saída do colexio.



Imaxe 2. Planta do proxecto

Si o embarque e desembarque se produce na parada de bus existente diante do centro cívico, os nenos terán ademais que circular por una beirarrúa (sinalada co circulo vermello na imaxe) cun ancho de tan solo 1,25 m, incumprindo de novo a normativa de accesibilidade, que fixa un ancho mínimo de 1,80. Ancho que aínda nos parece escaso para absorber a un fluxo de decenas de nenos que baixan xuntos do bus e cun entorno de tráfico moi importante e en zona de manobras.

Por todo o anterior consideramos que o proxecto non cumpre a normativa e lexislación en materia de accesibilidade, vai empeorar en moito o acceso ao centro educativo, empeorando tamén a seguridade dos nenos na entrada e saída do cole.

Por todo ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que requira ao departamento competente en materia de estradas para que o proxecto "*poñer nome do*" cumpra de forma estrita á normativa de accesibilidade, e se propoñan solucións





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2024 12:55:00
Nº Rexistro: 4843
Data envío: 24/05/2024 12:55:00,133

técnicas para que a pendente da rampla de acceso ó centro educativo cumpra a devandita normativa.

Santiago de Compostela, 22 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 24/05/2024 12:50:21

Carlos López Font na data 24/05/2024 12:50:31

Paloma Castro Rey na data 24/05/2024 12:50:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/05/2024 12:50:46

CSV: B6PIS7R9G4JEDNBZCf-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13412

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Olalla Rodil Fernánñez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de instar ao Goberno do Estado a modificar a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril segundo as demandas das diferentes asociacións científicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE publicou o 1 de maio a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril, pola que se regula a subscrición de convenio especial coa Seguridade Social a efectos do cómputo da cotización polos períodos de prácticas formativas e de prácticas académicas externas reguladas na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, realizadas con anterioridade á súa data de entrada en vigor. O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas.

Asociacións científicas como a Asociación Nacional de Investigadores Hospitalarios (ANIH), a Asociación Española de Investigación sobre o Cancro (Aseica), a Sociedade Española de Bioquímica e Bioloxía Molecular (SEBBM) e a Sociedade Española de Neurociencia (SENC) expresaron a súa contrariedade e malestar con esta Orde e demandan ao Ministerio de Seguridade Social que rectifique a regulación sobre a cotización retroactiva dos bolseiros de investigación. Lembran que a comunidade científica protagonizou longos anos de reivindicacións para que a carreira científica considerácese unha actividade laboral de pleno dereito en todas as súas fases.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un esforzo que se viu reflectido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ao establecer a obrigación da contratación laboral desde o inicio da fase de investigador predoutoral coa cotización á Seguridade Social. Ata entón, o persoal investigador que comezaba a súa carreira profesional percibía bolsas nas súas fases iniciais que non incluían dereitos sociais nin laborais como permisos de maternidade, de paternidade, baixas médicas ou vacacións.

O Real Decreto-Lei 2/2023 estableceu a posibilidade de subscribir un convenio especial para recuperar a cotización de períodos de prácticas anteriores ao 2011, incluíndo o doutoramento. Inicialmente permitiuse regularizar dous anos e despois estendeuse a cinco anos do devandito período de formación.

As asociacións advertiron ao Ministerio que esta norma non resolvía o problema das bolsas de investigación dado que se dan períodos sen cotización de ata 16 anos que afectan á idade de acceso á xubilación e á pensión. Lembran que fixeron chegar ao Ministerio opcións para liquidar estas situacións e alertaron das dificultades que podería supoñer para moitos investigadores ter que asumir o custo de cubrir retrospectivamente cotas que terían que pagar as entidades emisoras das bolsas, moitas delas as Administracións públicas.

As asociacións científicas presentaron en decembro pasado unha serie de alegacións ao proxecto de Orde, entre elas, algunhas concernentes a este tema.

Pero evidentemente isto afecta de maneira directa a todas as investigadoras e investigadores do noso país polo que a Xunta de Galiza debe tomar parte na resolución deste problema.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a trasladarlle ao Goberno Estado a necesidade de modificar a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril, pola que se regula a subscripción do convenio especial coa Seguridade Social a efectos do cómputo da cotización polos períodos de prácticas formativas e de prácticas académicas externas, atendendo ás demandas das distintas asociacións científicas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/05/2024 13:04:17

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2024 13:07:49





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivas, de vixilancia e defensa contra incendios forestais.

Con esta medida preténdese a implicación das administracións locais no operativo de loita contra os lumes que o Goberno galego desprega cada ano mediante a configuración por parte dos municipios dunha ou dúas brigadas de cinco compoñentes, compostas por un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada, que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro, quedan baixo o mando organizativo e funcional do distrito que corresponda.

Os brigadistas reciben unha formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a súa propia seguridade laboral. O financiamento destes convenios é realizada con fondo europeos, no marco do PDR de Galicia para labores exclusivamente de prevención.

Por outra banda, os labores de vixilancia e defensa contra incendios é financiado pola Xunta de Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo





axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias, xa desde o ano 2017 detectouse a falla de dispoñibilidade de xefes de brigadas, que fixo que moitos concellos non puidesen constituílas. Proba diso é que no ano 2016 se constituían 263 brigadas en no ano 2023 só foron constituídas 151.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dar os pasos necesarios para mudar o modelo de ofertar convenios aos concellos de brigadas de incendios cara a un servizo único, estable, profesional e equipado dependente do Goberno galego e mentres isto non se leve a cabo ofertar, en todo caso, o convenio ás entidades locais só para labores preventivas, cunha duración mínima de 6 meses.

Parlamento de Galicia, 25 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2024 11:12:50
Nº Rexistro: 4875
Data envío: 25/05/2024 11:12:50.130

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/05/2024 11:05:28

Lara Méndez López na data 25/05/2024 11:05:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/05/2024 11:06:00

CSV: B0P5TRB03-61N2eZ&Cf2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

13418

@PSdeG



À MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos da Costa da Morte, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Muxía, Vimianzo e Zas están situados no xeodestino da Costa da Morte, concellos coñecidos pola súa paisaxe inconfundible mesturada co misterio e as lendas que conforman o seu sinal de identidade.

Esta singularidade unida á extensa oferta cultural dos ditos concellos fan que o turismo sexa un dos motores económicos da zona que unido á importancia do sector pesqueiro constitúen as actividades con maior peso do mencionado territorio.

A Costa da Morte é unha das zonas que máis poboación perde ano tras ano, 5563 habitantes menos nestes 7 concellos dende 2009, que é tanto como se nestes 12 anos desapareceran máis que a totalidade das e dos habitantes actuais de Camariñas (o terceiro concello máis poboado). Se dende a Administración autonómica non se executan medidas eficaces que revertan esta sangría demográfica é posible que nun prazo non demasiado longo esta zona quede practicamente despoboad.

As e os socialistas recordámoslle á Xunta de Galicia unha e outra vez que a medida máis eficaz para evitar o despoboamento nos territorios é aplicar políticas de fomento de emprego de calidade que teña en conta a oferta





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2024 10:52:22
Nº Rexistro: 4883
Data envío: 27/05/2024 10:52:22.434

existente e as potencialidades na zona, polo que mellorar a empregabilidade das persoas da Costa da Morte para poder inserirse laboralmente, contribuíndo a ofertar servizos de calidade que impulsen os principais sectores económicos debería ser unha prioridade do Goberno galego.

Tendo en conta que Galicia recibe ano tras ano do Plan para modernizar a FP do goberno central e implementar a FP dual moitos millóns de euros, parece bastante razoable que estes recursos sexan investidos para mellorar a empregabilidade das persoas mozas que dea resposta ás demandas das empresas do sector que queren ofertar un turismo de calidade, pero necesitan profesionais formados, e no sector pesqueiro que tamén precisa de persoas novas e cualificadas para seguir sendo un sector punteiro na nosa comunidade.

Ante esta situación, as alcaldesas e os alcaldes dos ditos concellos levan tempo reivindicando da Xunta de Galicia a creación de graos formativos que permitan formar a persoas mozas nestas especialidades demandadas na zona.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aumentar a oferta de ciclos formativos e de FP dual na bisbarra da Costa da Morte naquelas especialidades demandadas na zona de acordo aos seus sectores estratéxicos.

Santiago de Compostela, 27 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13420

@PSdeG



CSV: BGPSUTBQ-HE02H8G2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2024 10:52:22
Nº Rexistro: 4883
Data envío: 27/05/2024 10:52:22.434

Patricia Iglesias Rey na data 27/05/2024 10:14:22

Julio Abalde Alonso na data 27/05/2024 10:14:32

Silvia Longueira Castro na data 27/05/2024 10:14:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/05/2024 10:14:52

CSV: BGPSUBD3-#E02#B#G02
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13421

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da trata con fins de explotación sexual e á valoración por parte da Xunta de Galiza dos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trata de persoas é un delito que explota seres humanos con numerosos propósitos, entre eles a explotación sexual, e é un delito no dereito internacional. A día de hoxe o *Protocol to Prevent, Suppress and Punish Trafficking in Persons Especially Women and Children* proporciona a única definición internacionalmente aceptada de trata de persoas e está ratificado polo Estado Español: a trata de persoas significa o recrutamento, transporte, transferencia, albergue ou recepción de persoas, mediante a ameaza ou o uso da forza ou outras formas de coerción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder o dunha posición de vulnerabilidade ou de dar ou recibir pagos ou beneficios para lograr o consentimento dunha persoa que ten control sobre outra persoa, con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, la explotación da prostitución doutros ou outras formas de explotación sexual, traballo ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos humanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A trata de seres humanos, singularmente a relacionada coa explotación sexual, afecta de forma moi superior a mulleres e crianzas. Segundo o documento sobre preguntas frecuentes sobre a trata da ONU, no ano 2018 houbo arredor de 50.000 vítimas de trata de persoas e 148 países denunciaron a súa existencia. O 50% das vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual e as mulleres representarían o 46% e as nenas o 19% de todas as vítimas de trata. Así mesmo, triplicouse o número de crianzas vítimas de trata.

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español está pendente desde hai anos a aprobación dunha normativa específica estatal ao respecto con rango de lei, e aprobouse a comezos de 2022 o Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021-2023 e anteriormente diversas medidas ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia machista, entre as que se atopaba a elaboración dunha lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

No ámbito galego, o noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

Este plan considera “*A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situalas nunha posición de inferioridade e consideralas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos. Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.*” e incorpora cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas cunha previsión orzamentaria total de 7.136.424M€.

Recentemente coñecía publicamente a desarticulación dunha rede que operaba en Galiza e Asturias e tamén, recente no tempo, outra que operaba en Ourense. Tan só para esta parte do país, Ourense, segundo as informacións de Cáritas, que atende situacións deste tipo no seu centro Alumar, habería no ano 2023, ata o mes de novembro, 346 mulleres en situación de trata ou prostitución e arredor de 74 terían pedido axuda.

Estes datos apuntan unha situación moi preocupante e complexa. Polo tanto, é necesario facer seguimento das informacións e actuacións que coñece e desempeña o goberno galego así como coñecer a valoración respecto dos primeiros anos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento do Plan e as perspectivas de traballo e prioridades de cronograma que se están a desenvolver.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara a información relativa aos primeiros resultados da comisión de seguimento do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución orzamentaria desta primeira fase e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas así como unha proposta de calendario para aprobación, en tempo e forma, do seguinte plan.

2. Impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico para o abandono do exercicio da prostitución onde se planifique un itinerario transversal e se

garanta unha axuda periódica para tal fin á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2024 11:47:14

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 11:51:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a aplicación do Programa básico estatal en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2024 o Goberno español publicou no BOE o Real Decreto 93/2024 polo que se regula a concesión directsa dunha subvención á entidade social Cruz Vermella Española para a posta en marcha durante o ano 2024 o Programa do Fondo Social Europeo Plus de Asistencia material básica (Programa BÁSICO).

Trátase da creación dunha tarxeta moedeiro dirixida á adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade para aqueles fogares, con menores a cargo, en situación de pobreza e/ou exclusión social ou risco de a padecer.

O programa debe xestionarse a través das Comunidades Autónomas que son as administracións competentes para a derivación de persoas usuarias, porén, a Xunta de Galiza amosou desde un inicio disconformidade coa proposta e aínda non o executou no noso País.

De feito, en días recentes, a conselleira e o director xeral de Inclusión Social mantiveron un encontro telemático co Ministerio de dereitos sociais no que, segundo a información publicada en diversos medios de comunicación, solicitaron ao Goberno español prorrogar a xestión estatal do programa alén de decembro de 2024, momento en que debiera pasar a ser xestionado pola Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo coa información publicada, a disconformidade co Programa Básico por parte do Goberno galego, radica na exclusión de fogares sen menores a cargo e no feito de que as distribuidoras de alimentación conveniadas non teñen presenza en boa parte do territorio galego.

Desde o G.P. do BNG coincidimos en que as bases do programa son moi mellorables e que non atenden á realidade galega, porén, atrasar e/ ou non asumir a xestión autonómica do mesmo non só non evitará ou corraxirá estes problemas senón que prexudicará a poboación máis vulnerábel do noso País.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a asumir, de maneira inmediata, a xestión da tarxeta moedeiro prevista no Programa Básico estatal e a introducir na súa regulación as mudanzas que sexan necesarias para adecuar a súa implantación en Galiza a realidade social e económica propia do noso País así como para garantir o acceso aos seus recursos ao maior número de fogares en situación de pobreza e/ou exclusión ou risco de padecela.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 28/05/2024 12:34:14

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 12:34:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a residencia asistida de maiores, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores asistida de Oleiros atópase, de xeito semellante a outras do país, nunha situación precaria. Por unha banda, estanse a recibir residentes que non son maiores e que teñen unhas particularidades especiais (nomeadamente, persoas con problemas de saúde mental). Esta residencia atende grandes dependentes, que na actualidade están mesturados e mesturadas con estoutro tipo de residentes, que teñen outro tipo de necesidades. Esta situación resulta problemática tanto para o persoal como para o resto de residentes.

Ademais de formar o persoal para que poida prestar unha atención axeitada nesta nova situación, é preciso incrementar os medios estruturais, materiais e do propio persoal, para atender as persoas con este tipo de problemas, que impidan a mestura cos residentes maiores dependentes.

O persoal actual non é suficiente para atender as necesidades dos residentes maiores, e as problemáticas e casuísticas que provocan a nova situación agravan este feito. Por outra banda, as instalacións e o seu mantemento son bastante deficientes. Agardamos que se execute canto antes o contrato que está aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Inspeccionar a residencia asistida de maiores de Oleiros para detectar posíbeis deficiencias.
- Corrixir a situación de saturación do persoal.
- Formar o persoal para preparalo para atender o novo tipo de residentes.
- Facilitar medios estruturais, materiais e de persoal para corrixir os problemas orixinados pola mestura entre o novo tipo de residentes e os maiores dependentes.
- Resolver canto antes as deficiencias de mantemento do edificio, en cumprimento do contrato aprobado.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 28/05/2024 16:24:25

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 16:28:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a convocatoria urxente de axudas aos concellos para a contratación de persoal para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 4 de maio de 2024 a Xunta de Galiza anunciaba que “*financiará a contratación de socorristas para garantir a seguridade en piscinas e praias*”, para o que se anticipaba que a Dirección Xeral de Administración Local “*publicará en breve a orde de axudas*”.

O mero anuncio realizábase nunha data posterior ao da convocatoria que se viña facendo en exercicios anteriores, que xa se realizaban con notable atraso sobre o momento necesario. En diferentes ocasións tanto dende o eido local, como dende as propias entidades relacionadas co salvamento expresaron a súa preocupación pola tardía convocatoria das axudas destinadas á mellora da dotación do servizo de vixilancia e salvamento en espazos acuáticos, demora que dificultaba, cando non impedía, as posibilidades de contratación de persoal para este cometido.

A día de hoxe, e malia o anuncio realizado, aínda non se procedeu á efectiva convocatoria das referidas axudas, o que provocará un atraso nas posibilidades de selección e contratación de persoal e, xa que logo, na posta en marcha do necesario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispositivo de vixilancia e salvamento en espazos acuáticos, tanto nos naturais como nas instalacións acondicionadas para estas actividades.

O certo é que os datos sobre a evolución dos afogamentos en Galiza exixan mellorar o funcionamento dos servizos de socorrismo, na liña contraria á que esta levar a Xunta de Galiza. O pasado trimestre foron 15 as persoas finadas como consecuencia de afogamentos en espazos acuáticos, o número máis elevado de finadas de todo o estado, representando case un 20% do total.

Os resultados, preocupantes, mesmo empeoran aos de 2023 no que ao final do exercicio o número de afogadas (46) foi case un 18% superior aos do exercicio anterior.

O incremento da demora na aprobación da convocatoria das axudas para a contratación de socorristas por parte dos infrafinanciados concellos galegos, carentes de recursos para abordar este incremento de persoal con medios propios, pode provocar que moitos concellos non podan comenzar os procesos de selección de persoal ate principios de xullo – agás que recorran á contratación de empresas privadas ou que directamente non podan abrir estes espazos de lecer público.

Tendo en conta que, na práctica totalidade dos casos, os afogamentos ocorren en espazos nos que non existe servizo de vixilancia e salvamento, e a negativa evolución do número de sinistros, así como a necesidade de garantir a seguridade no uso e disfrute nestes espazos, algo para o que é inescusábel a intervención da Xunta de Galiza, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a proceder con carácter inmediato e urxente á convocatoria das axudas destinadas aos concellos para a contratación de persoal para a prestación de servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/05/2024 17:29:09

Óscar Insua Lema na data 28/05/2024 17:32:52

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2024 17:33:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o estado de desenvolvemento dos proxectos tractores anunciados polo goberno galego en 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aló polo ano 2020 o goberno galego anunciaba, no marco dos plans de recuperación no contexto da COVID 19, unha serie de proxectos tractores co obxectivo de reactivar a economía despois da pandemia, en palabras do daquela presidente da Xunta, o señor Feijóo, “*a través da tecnoloxía, a biodiversidade e a economía circular e verde*”.

Foron anunciados nun primeiro momento un total de tres proxectos, un primeiro centrado na xeración de hidróxeno verde a partir de fontes renovables. Un segundo proxecto co foco posto na economía circular a través da valorización e reutilización de residuos. E, por último, un proxecto arredor da xestión sustentables dos bosques.

Dende aquel momento os supostos proxectos tractores foron modificando as súas características e a súa forma até que en outubro de 2020 o presidente do goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou que se ían presentar catro proxectos tractores: unha planta de hidróxeno, un centro para o impulso da economía circular, a fabricación de fibras téxtiles a partir de madeira e a instalación dunha nova potencia renovábel.

Así e todo en 2021 preséntanse os proxectos recollidos na seguinte táboa ante o presidente do goberno do estado:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

N

PROXECTO	DESCRICIÓN	INVERSIÓN (M€)	EMPREGO
Planta de produción de fibras	Xestión sostible dos montes galegos para a produción de fibras celulósicas	1.140	9.700
Planta de Economía circular	Aproveitamento de residuos orgánicos na produción de biogás, CO2 industrial e fertilizantes, así como para o tratamento e valorización doutros residuos.	500	5.000
Polo Aeroespacial de Galicia 2025	Consolidación do CIAR como o epicentro da I+D en UAVs en Europa e creación de tecido industrial en torno ao sector	600	700
AUTOANCORA	Desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos limpos, intelixentes e sostibles.	1.300	912
ZENDAL	Fabricación de vacinas contra a covid e a tuberculose	111	1.400
TOTAL		3.651	17.712

ente créase a Sociedade público-privada Impulsa Galicia, a cal como fin declarado de facilitar e dinamizar o tecido produtivo mediante o desenvolvemento de proxectos tractores que encaixen na captación de fondos Next Generation.

Así, a maio de 2024, esta Sociedade expresa que están activos seis proxectos principais:

- **Xestión sostible dos bosques galegos:** Na que se enmarca o proxecto da macrocelulosa de Altri, na que se expón un investimento de aproximadamente 800 millóns de euros e un emprego de 2.500 entre directos e indirectos (10.000 durante a etapa de construción). Este proxecto conta cun amplo rexeitamento social.
- **Economía circular:** A partir do tratamento de residuos (principalmente xurros) para a produción de biocombustibles, cun investimento estimado de 600 millóns de euros e unha estimación de crear 2.500 empregos.
- **Xeración de hidróxeno verde:** Proxecto co foco na xeración de hidróxeno verde mediante electrólise con enerxías renovábeis, contemplando un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investimento para isto de 156 millóns de euros e a creación de 400 empregos totais.

- **Centro de datos:** Servizo de almacenaxe de datos, conectividade de alta velocidade e banda ancha con baixa latencia para favorecer a dixitalización das pemes. Neste sentido establécese un investimento de 400 millóns de euros e unha creación de aproximadamente 100 empregos altamente cualificados.
- **Recuperación integral e sostible do rural galego:** Proxecto que ten por obxectivos revitalización demográfica e económica do rural galego sen precisar moito os mecanismos, para o cal se estima un investimento de aproximadamente 601.5 millóns de euros sen especificar emprego.
- **Recursos de Galicia:** Creación de RDG como instrumento para facilitar a aplicación da suposta futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Conta segundo a Sociedade Impulsa cun investimento de 100 millóns de euros en capital social.

Alén destes seis grandes proxectos tractores promóvense outros 6 sen descrición nin estimación algunha de investimento nin emprego.

Así e todo, dende os primeiros anuncios do 2020 os proxectos foron mudando en forma, en obxectivos, en investimentos e en empregos. De varios destes proxectos non se coñece nin o estado de execución nin o impacto sobre o emprego dos supostos empregos que tiñan como fin ser tractores na transformación económica cara unha economía sustentábel após a crise da COVID 19.

Polo tanto, despois de preto de 4 anos dende os anuncios iniciais, sería bo coñecer o estado actual de cada proxecto tractor e como están a contribuír na mellora





Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao goberno galego a presentar un informe do estado dos proxectos tractores anunciados na Sociedade Impulsa Galicia, facendo fincapé no que ten haber coas seguintes cuestións:

1. Nivel de execución destes proxectos tractores.
2. Participación da Xunta de Galiza en cada un dos proxectos.
3. Entidades privadas que participan en cada proxecto e en que nivel.
4. Inversión actual destinado a cada proxecto.
5. Cantidade de emprego indefinido xerado por estes proxectos.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 28/05/2024 18:08:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/05/2024 18:12:06

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2024 18:12:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a crise provocada pola COVID, é xa coñecido que a UE decidiu apostar por políticas económicas expansivas, que fixesen fronte aos riscos económicos existentes en Europa e particularmente nos países máis afectados pola pandemia.

Os fondos europeos Next Generation EU, e especificamente o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, son importantes para as posibilidades de modernización da economía galega ante a dobre transición ecolóxica e dixital, así como para a xeración de emprego, a cohesión social e territorial e a igualdade.

Sen embargo, a Xunta de Galicia careceu dende o inicio dunha estratexia fundamentada e actuou con falla de transparencia e pouca vontade de acordo, incluso ante o Parlamento de Galicia, evitando informar detalladamente e coordinar posicións de país no que poida ser prioritario.

✓ ASIGNACIÓN DE FONDOS EU A GALICIA.

Dato 1: Galicia ten asignados para o período 2021-2027: 3.150 millóns de euros para a política de cohesión —un 8,1% máis que no período 2014-2020 en virtude da negociación do Goberno de España—.

Se temos en conta todos os fondos que xestiona a Comunidade Autónoma o desglose sería o seguinte —ao que habería que engadir os 170 millóns de







xestión dos fondos europeos. Compraría lembrarlle ó Goberno galego o historial da Xunta de Galicia neste eido e a nula vontade autonómica de dar participación ás entidades locais de Galicia na xestión dos fondos europeos.

Así, sobre o total dos fondos europeos percibidos por Galicia o recibido polos concellos representa menos do 2 % do total, fronte ao 6,16 % que representaba en 2016. Desde o ano 2014 a participación dos concellos de Galicia na xestión dos fondos europeos asignados á Comunidade Autónoma reduciuse un 64,1 %.

Para finalizar, compre poñer de manifesto que é máis alarmante que en plena campaña electoral das eleccións europeas para o 9 de xuño de 2024, o líder no Partido Popular nacional, Alberto Núñez Feijóo, arremeteu este venres 23 de maio de 2024 contra os Fondos Next Generation da Unión Europea afirmando que “eses fondos son débeda dos europeos en 750.000 millóns de euros”. Unha situación que achacou á burocracia” e ás “normas que reducen a “competitividade” das empresas. O líder do PP sinalou directamente ás institucións comunitarias, a cuxo fronte está a Comisión Europea que preside Ursula Von Der Leyen.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar medidas efectivas para garantir unha mellor xestión económica e transparencia orzamentaria dos Fondos Europeos apostando pola:
 - a) Creación dun organismos público de Fondos Europeos de Galicia, con participación das entidades locais de Galicia. Un único centro xestor que evite a actual automatización da xestión e o caos administrativo na xestión que leva ás cifras de inexecución actuais.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2024 10:21:51
Nº Rexistro: 5007
Data envío: 29/05/2024 10:21:51.954

- b) Impulsar a implantación das recomendacións do Consello de Contas nos seu informe sobre a Conta Xeral do ano 2021 e anteriores, singularmente, no referido á presentación sen demora dun proxecto normativo de reforma e actualización do marco.
2. Recoñecer os beneficios en termos de retorno á cidadanía galega, ás empresas, aos concellos, así como no fortalecemento de proxectos industrias que están supoñendo os 1.545 millóns de euros de Fondos Next Generation recibidos pola Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 29/05/2024 10:18:28

Elena Espinosa Mangana na data 29/05/2024 10:18:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/05/2024 10:18:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13444

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3-0E1Dy#50f-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a o Plan de formación continua agroforestal 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia do sector agrario en Galiza, esixe un nivel axeitado de información e formación no sector produtivo, económico e técnico. A formación continua no agro galego é moi importante para as nosas produtores e produtores; tanto agrícolas como forestais.

As persoas que están no agro necesitan desa formación continua para pórse ao tanto de determinados aspectos normativos, formarse en cuestións técnicas, económicas e outras de carácter esixible. Nesta formación tamén debería estar destinada á sensibilización en materia de calidade dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, asesoramento de explotacións no ámbito da condicionalidade, xestión técnico-económica, incorporación de mozas e mozos ao sector agrario, protección do medio, conservación da paisaxe e seguridade e saúde laboral no sector agroforestal. Estas actividades tamén deberan ter en conta cuestións relativas ao aumento da competitividade do sector agrícola e forestal.

Esta formación está financiada polos fondos europeos do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), indicando polo tanto a importancia desta formación continua para que o sector teña coñecementos adecuados. Dita





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formación é xestionada pola consellería do Medio Rural a traveso da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)

Tendo en conta todo o anteriormente expresado a formación continua tiña que ser unha prioridade e unha cuestión estable ano a ano. Unha formación na que as persoas titulares de explotacións agrarias, as mozas e mozos que se pretenden incorporar a actividade e os que se dedican ao sector forestal tiveran unha programación a primeiros do ano. Esta programación permitiría que puideran facer as súas previsións e coñecer as posibilidades para poder optar a formación tan importante para elas.

Hai que ter en conta que dentro desta formación está a formación esixible como a relativa ao manexo de produtos fitosanitarios, o benestar animal e a aptitude empresarial agraria para as novas mozas e mozos

Esta formación era impartida fundamentalmente polos organismos dependentes da consellería, fundamentalmente as oficinas rurais, as chamadas antigamente oficinas agrarias comarcais. Estas oficinas pola proximidade ao sector, polo seu espallamento no territorio e polo coñecemento das necesidades das mulleres e homes que están ao cargo das explotacións agrarias de Galiza. Tamén os centros de formación da consellería impartían e desenvolvían unha importante laboura formadora

A situación neste ámbito este ano é moi grave. Pasados os primeiros 5 meses do ano non hai plan de formación, non se sabe que formación hai, non hai un programa. A consellaría do Medio Rural abandona as súas funcións, abandona aos centos de persoas que necesitan esta formación; en definitiva abandona ao sector agrario. Ao PP parece que non lle importa a situación agraria de Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e por en marcha o plan de formación continua ao agro galego 2024.
2. Asegurar a todos os solicitantes o acceso a toda a formación esixible no 2024.
3. Garantir unha suficiente formación continua no 2024, que abrangue todos os campos necesarios para o sector agroforestal galego.
4. Garantir que os centros e organismos públicos dependentes da consellería do Medio Rural impartan formación continua e formación esixíbel.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 29/05/2024 10:54:44

Sonia Vidal Lamas na data 29/05/2024 11:02:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/05/2024 11:03:16

Ariadna Fernández González na data 29/05/2024 11:03:55

Luis Bará Torres na data 29/05/2024 11:04:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto e Ariadna Fernández González** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao impulso da IXP Pan de Cea e, nomeadamente, ao relevo xeracional e a mellora das condicións das persoas produtoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario é fundamental para o desenvolvemento social e económico do noso país e estratéxico tanto desde o punto de vista da produción como da transformación e do peche de ciclos produtivos. Así mesmo, o noso país conta cunha serie de Indicacións Xeográficas e Denominacións de Orixe Protexidas que cómpre valorizar e fomentar.

Neste contexto, a existencia desde o ano 2005 da Indicación Xeográfica Protexida “Pan de Cea” constituíu un paso adiante na valoración do produto ao acreditarse como unha referencia para produtores e consumidores. Porén, ten unha enorme potencia que non está a ser aproveitada.

O primeiro rexistro histórico da existencia deste pan data xa do s.XIII, mencionándose nos contratos forais, cunha historia profundamente vinculada á do Mosteiro de Oseira. O produto amparado pola Indicación defínese como o pan que se elabora con fariña de trigo, con adición de auga potable e sal comestible, ao que se engade, para a súa fermentación, masa nai procedente dunha elaboración anterior. Na súa definición, o amasado elabórase en varias etapas, segundo as técnicas ascentrais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

artesanais da zona e finalmente cócese en fornos de pedra granítica de deseño característico da zona que son previamente quecidos con leña.

A IXP, con 19 operadores con certificación, constitúe a principal industria agroalimentaria de San Cristovo de Cea, o concello que constitúe o termo da indicación, precisa de maior apoio por parte do goberno galego. É preciso impulsar medidas que fomenten a adhesión de novos fornos, a incorporación de novos produtores así como a mellora de infraestruturas e a mellora da rede de comercialización.

As e os produtores, unipersoais en moitos casos, indican que entre as dificultades á hora de atopar relevo están as dificultades para a conciliación, tanto do punto de vista familiar como do lecer. Por exemplo, á hora de poder desfrutar de vacacións ou enfrontar necesidades como atender unha cita médica as opcións que teñen son ben deixar a produción, ben encargar a produción habitual ou unha parte da mesma a algún outro produtor ou produtora. Así mesmo, aínda que se celebren xornadas e cursos de formación ou obradoiros de emprego, isto non está a servir para asentar vocacións e garantir a remuda xeracional e tampouco se coñecen os resultados das presuntas iniciativas impulsadas polo Polo de emprendemento do Carballiño.

O goberno galego debera apostar con intensidade polo fomento das producións de calidade e da transformación das materias primas agrarias e a produción de pan en Cea, todo un símbolo para as comarcas de Ourense, é un exemplo do noso potencial.

Sería precisa unha aposta polo fomento da produción de cereais de calidade en Galiza, recuperando superficie agraria produtiva para a recuperación de variedades autóctonas de centeo do país, e apostar por unha maior dinamización do produto de pan de cea e as súas aplicacións na hostalaría e restauración para unha maior referencialidade e para ser tamén un atractivo para visitar a zona. Así mesmo, é preciso tamén apostar con máis intensidade pola restauración de fornos antigos e pola posta en valor do legado histórico e patrimonial asociado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son múltiples os retos e as potencialidades para apoiar unha IXP, a do Pan de Cea, que pode e debe ser revulsivo cultural, económico e social do concello de San Cristovo de Cea e, por extensión, de toda a comarca e arredores.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a impulsar medidas de formento, apoio e impulso da Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea, a comezar pola aprobación, coa colaboración e participación das e dos produtores, dun Plan de promoción, modernización e relevo xeracional para a IXP Pan de Cea para o que se elabore previamente unha diagnose sobre as necesidades do sector e no que se inclúan medidas concretas de actuación, cronograma, orzamento e mecanismos de avaliación e seguimento. Dito programa estarán debidamente incluído nos Orzamentos de 2025.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2024 13:06:12

Sonia Vidal Lamas na data 29/05/2024 13:11:00

Ariadna Fernández González na data 29/05/2024 13:11:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/05/2024 13:11:49

Luis Bará Torres na data 29/05/2024 13:12:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as verteduras que se están a producir en Suevos (Arteixo) desde a estrada DP-3002.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras de canalización de augas pluviais recentemente sufriron diversos problemas na área de Suevos (Arteixo). De feito, na actualidade a estrada está cortada porque, pola incorrecta canalización, a baixante tiña tal forza que estragou o firme e chegou a derrubar un lateral cara ao mar.

A veciñanza da área verificou que, desde que comezaron as obras de canalización de pluviais coa EDAR de Bens, hai aproximadamente dous anos, e que aínda non remataron, existe unha vertedura practicamente constante (que só cesa cando se pecha o paso da auga) que, a través do Rego de Suevos, acaba por dar no mar, concretamente na praia coñecida como Areal de Auga Doce, a carón da fábrica da empresa de pensos SARIA.

De acordo con datos do concello, estas augas son pluviais nun 80 % e o resto proceden das canalizacións de fecais. Polo cheiro persistente na zona na que a auga se atopa estancada, é fácil deducir que esta porcentaxe non é exacta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vertedura constante, ao longo de case dous anos, resulta un claro perigo ambiental. A solución deste problema parece estar pendente por parte do Concello de Arteixo, mais é urxente impor algún tipo de medida para evitar a vertedura constante, e sancionar o responsábel da mesma, no caso de verificarse que efectivamente se está a facer unha vertedura de auga contaminada directamente ao mar.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno galego a que inspeccione e sancione a vertedura que se está a producir ao mar no termo municipal de Arteixo, desde a estrada DP-3002, no lugar de Suevos.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 29/05/2024 16:36:45

Iria Taibo Corsanego na data 29/05/2024 16:36:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as accións que debe tomar o goberno galego para favorecer a instalación de actividades relacionadas co novo contexto de mobilidade así como novos actores para a automoción no área de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción é un sector vital para comarcas como a de Vigo, e por extensión a toda Galiza, xa que xera preto de 25.000 empregos ligados ao sector e que supoñen o 14% do emprego industrial do país.

Así e todo, este sector conta cunha alta dependencia da empresa matriz Stellantis, arredor de 150 empresas desenvolven a súa actividade só ou principalmente para Stellantis, o que supón un problema debido que esta empresa matriz non está a traccionar a economía da industria auxiliar.

Vese, por exemplo, como despois de anunciar a nova plataforma STLA Small, a raíz da captación do PERTE VEC II, unha parte das empresas auxiliares comezaron a quedar fóra da súa participación na cadea de fabricación do coche eléctrico.

A efectos, isto é a mostra máis crúa para o sector da deslocalización constante de actividades, neste caso na súa vertente da deslocalización de pedidos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por parte da empresa matriz o que deixa un panorama de perda de carga de traballo e de inestabilidade da empresa auxiliar.

Dentro deste panorama hai que sumar a perda de oportunidades que se levan sufrido neste sector, como por exemplo, esa débeda histórica coa automoción galega da implantación dunha fábrica de baterías no área de Vigo.

En 2023 quedou patente que a fábrica de baterías para Vigo non é unha prioridade de Stellantis, demostrada pola elección da súa planta zaragozana para traballar no camiño da fábrica de baterías deste xigante da industria da automoción, da que o seu centro máis produtivo do continente é o de Vigo. Neste sentido, no mesmo ano 2023, a empresa chinesa BYD mostraba interese de instalar unha fábrica de coches eléctricos e baterías no área de Vigo, soando a PLISAN segundo diferentes medios como a situación predilecta para esta actividade.

Fronte a isto e en contraposición ao que acontece en outros países da Unión europea, grandes fabricantes de automóviles, que manexan estimacións dos cambios no tecido produtivo que esta transición pode significar e do seu impacto para emprego, na Galiza, un país tamén moi dependente deste sector industrial, non existen estudos, nin estimacións, nin sequera tentativas serias para elaborar unha planificación estratéxica ben fundamentada e ben respaldada política e socialmente.

Así e todo, o goberno galego non tivo unha postura activa na defensa de atraer iniciativas neste sentido para fixar actividades relacionadas co cambio de paradigma na mobilidade, como unha fábrica de baterías, así como novos actores que promovan diminuír a dependencia do único gran fabricante Stellantis.

Porque garantir a continuidade e a viabilidade do sector pasa necesariamente por atallar cuestións como a deslocalización de actividades, atraer novas actividades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para o coche eléctrico e ser quen de diminuír a dependencia da industria auxiliar do grande fabricante actual Stellantis.

Na actualidade, ano 2024, estanse a desenvolver proxectos estratéxicos de actividades relacionadas coa fabricación de compoñentes do coche do futuro e diferentes territorios do estado como son Sagunto, Figueruelas ou El Musel.

Tamén cómpre sinalar a competencia constante de Portugal e o norte de África como aposta decisiva por captar investimentos e apostas estratéxicas en blindar o sector da automoción do futuro, dándose incluso a situación de deslocalización de actividades da propia automoción galega cara estes territorios, o que deixa un futuro incerto para o sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a adoptar os seguintes acordos:

1. Constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza, a CEAGA, a CTAG e as tres Universidades.

2. Impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos e de máis valor engadido en función dos novos sistemas de mobilidade: fábrica de celas de baterías eléctricas, fábrica de semicondutores, fábrica de pilas de hidróxeno, motores de tracción,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cargadores de bordo, novos sistemas de tracción, inversores, controladores, portos de carga...

3. Impulsar unha Tarifa eléctrica galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 29/05/2024 17:39:03

Ramón Fernández Alfonso na data 29/05/2024 17:39:07

Carmela González Iglesias na data 29/05/2024 17:39:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2024 17:39:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 29/05/2024 17:39:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao Refuxio de Bértoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Refuxio de Bértoa foi durante anos un punto de encontro para numerosas familias do núcleo urbano de Carballo e das súas parroquias.

Estamos a falar dunha zona recreativa situada na ribeira do río Anllóns ao seu paso pola parroquia de Bértoa, que naceu a partir dun refuxio de pescadores, e que antes de que o litoral de Arnados e Baldaio cobrase o protagonismo que ten a día de hoxe, numerosas carballesas e carballeses disfrutaban sobre todo na época estival.

Un deses espazos que, xunto Bosque do Añón, garda un especial significado para varias xeracións de carballesas e carballeses.

Os tempos de esplendor do Refuxio quedaron atrás. Por un lado, ao mudar as preferencias dos veciños e veciñas de Carballo que optan polos areas de Razo-Arnados e Baldaio-Pedra do Sal en detrimento do espazo fluvial. Mais tamén polo abandono da administración responsable da súa xestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Primeiro a Consellería de Agricultura, e despois a de Medio Ambiente, abandonaron o mantemento e coidado do paraxe, que na actualidade se atopa invadido pola maleza.

A finais dos anos 90 proxectouse o acondicionamento das instalacións e a mellora da integración do edificio do refuxio de pescadores no entorno, mais finalmente ficou esquecido ese proxecto.

Anos máis tarde, unha iniciativa aprobada no pleno do Concello de Carballo acordaba demandar da Concellería de Medio Ambiente, responsable da xestión do Refuxio, unha actuación para a recuperación do enclave e a sinatura de un convenio coa Xunta para que o Concello puidese usalo.

A beleza do espazo, a súa localización privilexiada, a sempre desexable ampliación e diversificación da oferta lúdica e mesmo turística do concello, xunto co especial pouso identitario do Refuxio de Bértoa para Carballo, aconsellan recuperalo para o seu uso por locais e visitantes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

- Acondicionar antes da época estival o espazo da área recreativa do Refuxio de Bértoa, para permitir o seu uso por veciñas e veciños e visitantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Prever nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2025 unha partida para actuar no edificio do refuxio de pescadores sito neste espazo, coa finalidade de integralo no entorno e recuperar o seu uso para visitantes.
- Acordar co Concello de Carballo a sinatura dun convenio de uso deste espazo que permita que sexa xestionado pola administración local.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/05/2024 17:51:55

Luis Bará Torres na data 29/05/2024 17:52:05



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

A alta velocidade, que xa conta cun longo recorrido en España, chegou a Galicia no ano 2021 coa posta en marcha da liña Ourense-Madrid, que na actualidade prolóngase ata Alacante, e constitúe unha importante mellora nos servizos ferroviarios que permite conectar aos territorios e á cidadanía dun xeito máis rápido, eficiente e seguro.

Por este motivo, foi longa e esperada a chegada dos trens Avril a Galicia co fin último de dotar deste servizo a todas as cidades galegas. Non obstante, o caos dos primeiros días, con incidencias e impuntualidades constantes, non compelen cuns mínimos esixidos e veñen a recordar os problemas que con frecuencia sofren os usuarios galegos na rede de media distancia.

Para o Goberno galego, presidido por Alfonso Rueda, sempre foi unha prioridade a chegada destes trens dotados dunha tecnoloxía de rodaxe desprazable, pois é a única forma de que as cidades galegas vexan cubertas as súas necesidades en materia ferroviaria con tempos e frecuencias máis competitivas.

Se ben dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia celebramos a posta en marcha deste servizo, tamén lamentamos o incorrecto funcionamento do mesmo nas cidades nas que xa está implementado e, de xeito paralelo, mantemos a esixencia de que todas as grandes cidades galegas poidan beneficiarse da alta velocidade.

A realidade é que cidades como a de Lugo ou Ferrol seguen excluídas da chegada do AVE porque as infraestruturas actuais non permiten que circulen os trens Avril o que ademais dun agravio, implica unha perda de oportunidades desde o punto de vista social e económico. Para corrixir esta situación é imprescindible a execución das actuacións precisas para adaptar a infraestrutura ferroviaria actual e que permita a chegada do AVE.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar que se garanta o acceso das cidades de Lugo e de Ferrol á alta velocidade, en condicións de igualdade co resto do territorio, para o que é imprescindible a execución das actuacións precisas para adaptar a infraestrutura ferroviaria actual e que permita a chegada do AVE, entre as que se inclúen as variantes de Canabal- Os Peares, Rubián e Betanzos”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/05/2024 18:17:45

Gonzalo Trenor López na data 29/05/2024 18:18:09

Carmen Pomar Tojo na data 29/05/2024 18:18:49

José Luis Ferro Iglesias na data 29/05/2024 18:19:06

Cristina Campero Dorado na data 29/05/2024 18:19:17

María Deza Martínez na data 29/05/2024 18:19:32

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/05/2024 18:19:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/05/2024 18:19:58

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/05/2024 18:20:13

Roberto Rodríguez Martínez na data 29/05/2024 18:20:28



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Carmen Pomar Tojo, Jose Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A situación do firme da autovía A-55 (Vigo-Portugal), especialmente na área metropolitana de Vigo, volve a ser fonte de preocupación e de queixas da veciñanza da zona e para os condutores dos máis de 65.000 vehículos que percorren o seu trazado cada día, entre eles o tráfico pesado das áreas industriais desa contorna.

Esta autovía volve a presentar un estado moi deteriorado tan só un ano e medio despois dos últimos traballos de reparación acometidos polo Ministerio de Transportes no seu firme, o que demostra, ademais do evidente estado de abandono, que as condicións de mantemento non foron as axeitadas.

A solución pasa por impulsar unha rehabilitación integral e urxente, así como por intensificar as medidas de conservación que poñan fin ao mal estado desta vía que conecta a maior cidade de Galicia e as principais vilas da Louriña, entre elas as de Porriño e Mos.

De acometerse unha rehabilitación integral tamén se estaría contribuíndo á mellora das condicións de circulación e seguridade viaria, en concreto a reducir as altas cifras de sinistralidade que presenta esta estrada. A perigosidade do percorrido actual queda acreditada polos máis de 9.000 accidentes de tráfico e 4.500 feridos rexistrados nos últimos 30 anos.

Ademais da falta de mantemento tampouco hai vontade por impulsar melloras nesta vía. De feito, o Ministerio de Transportes mantén no esquecemento o proxecto de construción dunha autovía que serviría como itinerario alternativo do treito Vigo – O Porriño da A-55. Proxectada en 2018 polo Goberno de Mariano Rajoy, estaba incluído no Plan Extraordinario de Investimento en Estradas, e ofrecía unha solución técnica que melloraba a seguridade e o trazado actual baseada na construción dun túnel.





No entanto non se executan as melloras comprometidas e o itinerario complementario proxectado, unha posible solución sería a implantación con carácter de urxencia da gratuidade da AP-9, como mínimo no treito Puxeiros – O Porriño, que serviría de itinerario alternativo e que evitaría que os usuarios se vexan na obriga de circular polas perigosas curvas de Tameiga, así como polos treitos que presentan un firme máis deteriorado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que acometa as seguintes actuacións que contribuirán á mellor da seguridade viaria na área metropolitana de Vigo e nas vilas da súa contorna:

1º- Impulsar a rehabilitación integral e urxente da autovía A-55 (Vigo-Portugal) así como intensificar as medidas de conservación e mantemento necesarias, xa que esta vía presenta un estado moi deteriorado tan só un ano despois de ter executado arranxos no seu firme

2º-Adiantar, con carácter de urxencia, a gratuidade do treito Puxeiros- O Porriño da AP-9, con carácter previo a que se cumpra o compromiso de gratuidade completo de esta vía, ao tratase dun itinerario alternativo par evitar o tramo máis conflitivo e deteriorado da A-55 ”.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/05/2024 18:36:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/05/2024 18:36:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/05/2024 18:37:08

Carmen Pomar Tojo na data 29/05/2024 18:37:34

José Luis Ferro Iglesias na data 29/05/2024 18:37:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5068
Data envío: 29/05/2024 18:40:37.884

Cristina Campero Dorado na data 29/05/2024 18:38:04

María Deza Martínez na data 29/05/2024 18:38:15

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/05/2024 18:38:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/05/2024 18:38:56

Gonzalo Trenor López na data 29/05/2024 18:39:14

Roberto Rodríguez Martínez na data 29/05/2024 18:39:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P1S1R0D0R4EEDN8S682
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao regadío da Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Limia conta cunha forte especialización produtiva centrada no sector primario. É un dos territorios con maior produción agrícola de Galiza, destacando en produtos hortícolas, pataca, cereal, colza e millo. Tamén destaca por unha forte implantación da gandería intensiva de porco, de aves e de vacún. Tanto é así, que o sector agrogandeiro na Limia ten un papel fundamental achegando aproximadamente o 29,59% do PIB comarcal.

A comarca conta cunha capa freática bastante alta o que repercute nos ciclos de cultivo e na produtividade das nosas terras, de feito as precipitacións na zona da Limia non son suficientes para os cultivos especialmente nos meses de verán e outono. Por exemplo, para o cultivo de millo, observouse que en terreos fondos con sementeiras tardías, existe un alto risco de ter que deixar o cultivo todo o inverno e colleitalo en marzo, o que pode dar lugar a perdas. Ademais, para que as variedades de cereal cumpran correctamente o seu ciclo, non deberán padecer temperaturas por riba dos 30 graos de maneira prolongada e en situación de seca. Nesta conxuntura, a planta pecharía os seus estomas e non crecería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora enfrontámonos a desafíos significativos que requiren de atención e acción. A agricultura e a gandería son fundamentais para a economía da Limia e presentan retos medioambientais, sendo un deles a necesidade de contar cun sistema de regadío eficiente e sostible. Un sistema de regadío adecuado permitiría un mellor manexo da auga, optimizando o seu uso e minimizando o seu desperdicio, o que resultaría nunha maior produtividade e sostibilidade das nosas actividades agrícolas.

Ademais, é fundamental que se destinen fondos da Xunta para apoiar o desenvolvemento da nosa agricultura e gandería. Estes fondos poderían utilizarse para mellorar a infraestrutura existente, implementar novas tecnoloxías, capacitar aos nosos agricultores e gandeiros en prácticas sostibles, e promover a investigación e o desenvolvemento no noso sector.

Dito todo isto, na comarca da Limia, e despois de mais de dous anos de espera, as obras para a modernización integral do regadío segue na espera, tratándose dun proxecto que ten como obxectivo a mellora a eficiencia do rego e garantir un uso máis sostible da auga, e que afecta a unha superficie produtiva que abarca 4.091 has., e a un total de 1.822 propietarios que se poden beneficiar desta modernización. Un proxecto que ten como beneficio substituír o uso da auga superficial do río Limia e os seus afluentes por augas subterráneas obtidas de 42 pozos. Inclúe a construción de tres balsas elevadas cunha capacidade de almacenamento de 75.000 metros cúbicos. Ademais, equiparase a infraestrutura con sistemas telemáticos e de autocontrol, e constrúense sete plantas fotovoltaicas para dotar de enerxía á rede de rego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O custe desta obra ascende a 35 millóns de euros, sendo a previsión inicial que o Ministerio asumira o 80% do custe con fondos europeos, e o restante 20% máis o IVE recaería nas labregas e labregos. Convén lembrar que este último non é deducible fiscalmente.

A respecto do custe da obra, o anterior conselleiro de Medio rural, José González, anunciou, mais sen ser por escrito, que a Xunta comprometíase a axudar a sufragar ese presuposto adicional non subvencionado para que fose viable a execución do proxecto.

A modernización do regadío da Limia é imprescindible para garantir a continuidade da actividade agrogandeira dunha comarca, que ao igual que en toda Galicia está sufrindo un acusado despoboamento unido ao envellecemento da xente. Cabe destacar que moitas e moitos dos propietarios que teñen que pagar e sufragar a infraestrutura do regadío son persoas maiores que terán serias dificultades para asumir ese custe e tendo que recorrer a préstamos persoais coas diferentes entidades bancarias.

Estas veciñas e veciños, ademais de verse afectadas directamente as súas propiedades, son comuneiros e xestores dos montes en man común da comarca e van a ter que facer un desembolso adicional para que se inclúan estas comunidades de montes no plan de regadío, custes para os que non dispoñen de fondos suficientes.

En resumo, a modernización do regadío na Limia é necesario para a mellora de condicións de traballo, garantir a continuidade da produción agrícola, revalorizar os terreos e frear o despoboamento da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Asumir os seus compromisos co sector agrogandeiro da comarca da Limia para sufragar parte do custe do regadío, e así facer viable a execución do proxecto.
2. Que a infraestrutura que conforma o regadío da Limia sexa pública, permitindo que se poida adherir quen o precise.
3. Apoiar ao sector para que se poida ampliar a superficie e número de fincas usuarias da infraestrutura.
4. Que o pago sexa por uso.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 29/05/2024 19:16:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/05/2024 19:16:49

Luis Bará Torres na data 29/05/2024 19:18:12



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Patricia García González, Nicole Grueira Fernández, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende a pandemia da Covid-19 comezou a poñerse de manifesto a importancia da saúde mental na vida das persoas e, por extensión, nas carteiras de servizos da sanidade pública.

Para dotar o sistema sanitario galego de ferramentas que permitiran mellorar este servizo, a Xunta de Galicia presentou o Plan Saúde Mental Galicia poscovid 2020-2024. Este Plan, dotado de 83 millóns de euros, permitiu crear 241 novas prazas para persoal de saúde mental. Tamén permitiu a creación de novas unidades de saúde mental, dotar a todas as áreas sanitarias de unidades de saúde mental infanto-xuvenil, crear unidades de prevención do suicidio ou implementar programas no sistema educativo como o Código Agarimo ou o Programa YAM.

Merecen especial mención aqueles que atinxen á mocidade, un colectivo especialmente afectado polas eivas da saúde mental. O Código Agarimo supón unha vía rápida de atención a menores en risco de suicidio dentro do sistema de alerta escolar e o programa YAM é unha novidosa metodoloxía que axuda a previr o suicidio nas aulas a través de actividades nas que aprenden e debaten sobre saúde mental.

Compre seguir avanzando neste camiño, con renovadas ambicións, para que Galicia siga a ser pioneira polos seus plans de saúde mental e polo seu compromiso neste ámbito que, máis recentemente, acadou un novo impulso coa creación da Subdirección Xeral de Saúde Metal. Estamos seguros de que este novo departamento, que vén a reforzar o organigrama da Xunta de Galicia, traballará arreo en novas medidas para previr e achegar a saúde mental ao cidadán.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1º.- Seguir traballando no eido da saúde mental cumprindo o seu compromiso de desenvolver un novo plan nesta materia, como oportunidade para avanzar no



fortalecemento da nosa saúde pública, actualizar os nosos programas e intervencións e dotar de recursos para o seu desenvolvemento.

- 2º- Continuar desenvolvemento proxectos psicoeducativos entre a mocidade galega, impulsando recursos e programas que dean resposta ás características específicas médicas e psicosociais daqueles que a idades temperás presentan un trastorno mental ou risco de padecelo”.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2024 10:10:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/05/2024 10:10:55

Noelia Pérez López na data 30/05/2024 10:11:33

Roberto Rodríguez Martínez na data 30/05/2024 10:11:49

Raquel Arias Rodríguez na data 30/05/2024 10:12:09

Patricia García González na data 30/05/2024 10:12:29

Nicole Grueira Fernández na data 30/05/2024 10:12:44

Raúl Santamaría González na data 30/05/2024 10:12:55

Gonzalo Trenor López na data 30/05/2024 10:13:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 **@gppgalicia** **@GrupoPopularGal**

CSV: B0P5TJ8D341N5D5H56562
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Julio García Comesaña, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Víctor M. Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Rede de Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) é un programa da Xunta de Galicia que ten como obxectivo principal desenvolver actuacións específicas de apoio e seguimento do alumnado vulnerable desde o punto de vista educativo, colaborando coas familias e co entorno.

Esta rede está artellada en torno ás Unidades de Acompañamento, que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional foi ampliando nos últimos cursos. Estas unidades son as encargadas de desenvolver, en cada centro, as accións específicas de apoio e de seguimento que o alumnado precise como:

- Acompañar, motivar a facer un seguimento próximo e personalizado ao alumnado máis vulnerable.
- Impulsar a implicación e a colaboración das familias para asegurar unhas condicións óptimas de educabilidade.
- Colaborar e coordinar os equipos docentes e os departamentos de orientación dos centros educativos.
- Traballar cos concello, as redes socioeducativas e outras entidades para acadar un éxito escolar máis equitativo e inclusivo.

RAOGAL foi unha medida posta en marcha no marco do Plan Recupera, a través do que a Xunta de Galicia artellou as actuacións de atención educativa no contexto posterior á crise sanitaria. No caso deste programa, foi financiado pola Unión Europea

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



a través de fondos NextGenerationEU, que o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes distribuíu ás comunidades autónomas dentro do Programa de Cooperación Territorial de Unidades de Acompañamiento y Orientación personal y familiar del alumnado educativamente vulnerable.

O marco temporal deste programa remata este curso polo que desde o Grupo Popular consideramos prioritario que o Ministerio de Educación, Formación y Deportes mantenga a financiación para non poñer en risco a continuidade das accións de apoio ao alumnado desenvolvidas a través do programa RAOGAL durante os últimos cursos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes que garanta a financiación necesaria e estable para o desenvolvemento da Rede de Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) nos próximos cursos”.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2024 10:18:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/05/2024 10:19:16

Julio García Comesaña na data 30/05/2024 10:19:33

José Luis Ferro Iglesias na data 30/05/2024 10:19:47

Carmen Pomar Tojo na data 30/05/2024 10:19:56

Patricia García González na data 30/05/2024 10:20:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/05/2024 10:20:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2024 10:23:42
Nº Rexistro: 5077
Data envío: 30/05/2024 10:23:42.076

Víctor Baladrón Lamas na data 30/05/2024 10:20:44

Raúl Santamaría González na data 30/05/2024 10:20:54

Borja Vereza Fraiz na data 30/05/2024 10:21:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P1S1R0G3T0G7ZS0K-Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Montserrat Prado Cores** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta para evitar o colapso dos centros de saúde de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza leva anos dismantelando a rede da Atención Primaria con políticas estruturais orientadas a recortar o sistema público en favor do sistema privado. Nesa liña, nos últimos 15 anos o goberno non realizou unha correcta planificación e previsión do cadro de persoal do sistema público, coa finalidade de que, progresivamente, esta entrase nunha situación crítica. A responsabilidade da Xunta era a de planificar e organizar correctamente a anos vista, cunha visión a longo prazo e estratéxica, a renovación de profesionais que debían xubilarse.

Esta planificación debía abarcar dende a fase formativa até a consolidación das prazas, considerando cuestións como a calidade do emprego e da formación. Que a Xunta non fixo os seus deberes e que non pon solucións é xa unha evidencia. Na última convocatoria de formación MIR, na especialidade de médico de familia quedaron sen cubrir 63 prazas, 1 de cada 3 ofertadas, un 60% máis que o ano anterior. Isto é un síntoma claro, ademais, de rexeitamento ao empeoramento das condicións de traballo destes profesionais e a unha formación cada vez máis deficitaria por falla de títolos e de tempo para ofrecerlles un adecuado acompañamento e motivación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras todos estes anos de recortes e dun proceso silencioso de desmantelamento, xa son unha realidade as listas de esperas de varias semanas para acudir ao médico de cabeceira. Os galegos e galegas estamos a sufrir unha grave perda dos nosos dereitos a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade. A atención primaria, na que se resolven entre o 80% e o 90% dos procesos de saúde, está colapsada e, por tanto, perdendo a súa característica fundamental que é a de ser a primeira porta de entrada ao sistema de saúde. A accesibilidade e a calidade do sistema público están gravemente danadas.

Neste contexto xeral, a situación da Atención Primaria na cidade de Vigo non é mellor. Ao contrario, a área sanitaria de Vigo vén sendo o laboratorio de probas do desmantelamento da rede sanitaria que afecta tanto a nivel hospitalario como nos centros de saúde. Na cidade de Vigo é xa habitual atopar listas de espera para unha cita no médico de familia ou incluso para unha receita de máis de 15 días. Tamén resultan habituais situacións en que directamente nin se lles ofrece a posibilidade dunha cita porque “non hai axenda”, polo que os usuarios deben ir ao centro de saúde ou ao PAC e intentar buscarse algunha solución.

A situación parece que aínda se vai agravar máis no período estival. A estas alturas aínda non existe de forma oficial unha previsión de cara ao verán. Mais de forma oficiosa a Consellería de Sanidade vén filtrando algunha información que apunta a que se vai vivir unha situación crítica. Segundo algunhas informacións publicadas “os centros de saúde da área sanitaria de Vigo enfróntanse ao seu peor verán”. Ante a falla de solucións estruturais á falla de profesionais a Xunta semella que vai optar polo peche de centros de saúde durante este meses. En concreto fálase do peche no horario de tarde nalgúns centros ou incluso a posibilidade de que só atendan urxencias. Iso suporía o aprazamento de citas que se programa para revisións de pacientes crónicos para despois de verán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación que se vai dar non é froito dun feito excepcional porque a Xunta de Galiza coñecía perfectamente de antemán cal era ía a ser a situación estival. Mais a Xunta de Galiza enfronta o verán cun cadro de persoal que xa están ao límite no resto do ano. O problema non é puntual senón estrutural.

Por tanto, ou hai un cambio de rumbo nas políticas do goberno ao respecto da planificación da atención primaria ou camiñamos cara un colapso total da atención primaria..

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

- Aumentar o investimento e fortalecer a atención primaria no concello de Vigo.
- Garantir unha atención áxil e de calidade en todos os centros de saúde, acabando coas listas de espera en atención primaria.
- Asegurar, con medidas, que non se recorten servizos nin horarios de atención nos centros de saúde durante o período estival.
- Facer público, no prazo máximo dun mes, un informe sobre a situación dos centros de saúde de Vigo que recolla, cando menos, a seguinte información para cada un dos centros: relación de prazas estruturais sen cubrir, previsión do número de xubilacións nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura, número de profesionais con aumento da xornada laboral especificando a modalidade e o número de horas mensuais que realizan, número de doentes que se atenden cada día por profesional, porcentaxe de eventualidade do persoal desagregado por categorías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incorporar nos centros de saúde de Vigo novas categorías que permitan rebaixar a presión asistencial sobre medicina de familia.

- Aumentar a calidade e a estabilidade laboral dos cadros de persoal, en favor dunha mellor atención e da procura da atracción de novos profesionais.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/05/2024 10:27:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/05/2024 10:32:08

Carmela González Iglesias na data 30/05/2024 10:32:28

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2024 10:33:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2024 10:33:25





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

En Galicia no ano 2023, segundo as estatísticas publicadas, se teñen producido 30.423 accidentes de traballo con baixa e 56 mortes polo mero feito de ir traballar.

Inciden as organizacións sindicais en como as transformacións que están a experimentar actualmente a humanidade impactan na forma de vivir, no mundo do traballo e na saúde da clase traballadora.

Existen cuestións ás que se debe facer fronte no ámbito preventivo; as transicións dixital, demográfica e ecolóxica. O cambio climático xa está a impactar na seguridade e saúde das persoas traballadoras, é indispensable traballar desde a xestión preventiva para adaptar as condicións de traballo ao novo escenario climático. De feito as organizacións poñen o foco de atención especialmente, na transición climática, cuxos efectos xa se están sentindo tanto na sociedade como na contorna laboral. As altas temperaturas xa se cobraron a vida de traballadores e traballadoras. Isto obríganos como sociedade a converter a seguridade e a saúde no traballo nun dos piares das políticas públicas de adaptación ao cambio climático.

Por tanto, o Grupo Parlamentario Socialista igual que as organizacións sindicais reivindicamos unha maior prevención da exposición a temperaturas extremas nas empresas, pero sen esquecer outros fenómenos asociados ao





cambio climático: fenómenos meteorolóxicos extremos, avance de enfermidades de transmisión por vectores, aumento da exposición a radiación solar.

Por outra banda, a dixitalización do mundo do traballo tamén está a afectar á saúde das persoas traballadoras. A monitorización constante, a falta de desconexión, a intensificación do traballo, acaban provocando serios problemas de saúde física e mental entre as traballadoras e os traballadores. A epidemia de saúde mental que aflorou nos últimos tempos non é allea a estes factores laborais.

En canto á protección da saúde mental das persoas traballadoras é a gran esquecida da xestión preventiva, proba diso é que unha das principais causas de morte durante os últimos anos, xornada laboral, foron os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que están asociadas coa exposición a riscos psicosociais, que son os menos avaliados nas empresas.

Consideramos que todos estes retos para a prevención de riscos laborais deben formar parte do debate nunha mesa específica de Diálogo Social sobre Saúde e Seguridade no Traballo. O Goberno galego debe pór os medios ao seu alcance para acabar coa secuela da sinistralidade laboral, que a seguridade e saúde no traballo sexa un dereito real e efectivo e se sitúe no centro da xestión pública.

Entende este Grupo Parlamentario que é imperativo avanzar na incorporación da perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo e conseguir que as empresas cumpran rigorosamente coa normativa en materia de prevención de riscos laborais.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2024 11:55:58
Nº Rexistro: 5090
Data envío: 30/05/2024 11:55:58.158

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore, nos próximos seis meses, un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral, consensuado cos axentes sociais, incorporando a transición dixital, o novo escenario climático e a exposición a temperaturas extremas, a protección á saúde mental dos traballadores e traballadoras, así como a perspectiva de xénero na seguridade e a saúde no traballo.

Parlamento de Galicia, 30 de maio de 2024

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13486

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQ2RIE1DA98062
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2024 11:55:58
Nº Rexistro: 5090
Data envío: 30/05/2024 11:55:58,158

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/05/2024 11:43:14

Elena Espinosa Mangana na data 30/05/2024 11:43:27

Silvia Longueira Castro na data 30/05/2024 11:43:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/05/2024 11:43:52

CSV: BGRISIRBQ2RIEIDA98062
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13487

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Juan Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Cristina Campero Dorado, Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, José M. Mato Díaz e Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

É sabido que Galicia posúe unha longa tradición na elaboración dos viños, certamente notable ao amparo das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas existentes na nosa comunidade. A nosa capacidade produtiva vitivinícola aséntase nunha superficie de viñado equivalente ao 3,5% do total nacional e nun volume de viño que supón en torno ao 2% dos hectolitros producidos no conxunto de España. Datos que dan conta da importancia coa que conta este eido produtivo dentro e fóra das nosas fronteiras pero, sobre todo, como eixo vertebrador do territorio, favorecendo a dinamización económica das zonas rurais.

A estes efectos, cómpre facer mención ao contexto actual, influído por unha serie de sucesos acontecidos ao longo destes últimos catro anos, concretamente desde o pasado 2020, período no cal destaca a crise derivada da pandemia pola covid-19 ou as consecuencias resultantes dos conflitos bélicos que continúan en activo, cuxos efectos materialízanse nun aumento dos custos de produción e maila enerxía, na escaseza de vidro e doutras materias primas, incluso na caída do consumo de viño, entre moitas outras fatais implicacións.



Ao respecto, é certo que o Goberno galego ten a disposición deste eido produtivo varias liñas de axudas operativas, como é o caso das axudas para a reestruturación e reconversión de viño –cuxa finalidade está en incrementar a competitividade das explotacións, adaptando o cultivo do viñedo ao cambio climático e facéndoo ambientalmente máis sustentable a través dun montante global de 4 millóns de euros deica 2026–; ou as axudas para a promoción dos produtos vitivinícolas, dotadas con máis de 600.000 euros, tanto para financiar programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores como para motivar á nova participación de agricultores nestes réximes de calidade. Non obstante, en consideración das circunstancias excepcionais que enfronta o sector no contexto no que vivimos, é preciso introducir novos mecanismos que permitan, cando menos, manter a súa rendibilidade, asegurando unha continuidade digna da actividade.

A destilación de subprodutos, medida coñecida coloquialmente como “destilación de crise”, representa unha destas potenciais ferramentas, que redundaría na posibilidade de permitir aos produtores e produtoras de Galicia retirar do mercado unha cantidade determinada do seu viño, co fin último de equilibrar a oferta e a demanda. Así, o produto retirado destilárase para obter alcol etílico, que se utilizaría para fins industriais e/ou enerxéticos, contribuíndo á tan necesaria estabilización do sector.

Este xeito de regularizar o excedente de viño trátase dunha iniciativa prevista na Organización Común de Mercados (OCM), que require autorización previa de Bruxelas, pero que conta con claros antecedentes, pois cómpre lembrar que, en xuño do pasado ano 2023, xa foi habilitada unha destilación de crise para Cataluña e Extremadura, coa consecuente aprobación da Comisión Europea. Deste modo, asístiuse a situación de ámbalas dúas rexións produtoras, similar á que enfronta nestes intres Galicia, aliviando as tensións ocasionadas ao dimensionar as futuras colleitas ás capacidades de almacenamento e comercialización das mesmas.

En consideración do disposto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos plenamente necesaria a demanda da aplicación deste mecanismo para evitar anticipadamente os efectos dunha potencial sobreoferta de uva o próximo outono, que lastre as rendas dos nosos viticultores e viticultoras.

En especial, no contexto da Ribeira Sacra e máis do viño amparado baixo o respectivo selo de certificación de calidade, cuxo descenso na comercialización vén dado, en parte, debido á crise xeneralizada dos viños tintos no noso país.

Durante o pasado ano 2023, segundo as cifras facilitadas polo propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), en España destiláronse máis de 9 millóns de litros de viño. Así mesmo, esta é a primeira ocasión na que Galicia solicita unha medida destas características.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) a habilitación de fondos correspondente á medida relativa á destilación de crise financiada con cargo aos programas nacionais de apoio ao viño para aliviar a situación daquelas adegas que contan cun excedente de viños.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2024 12:36:16

Juan Manuel Casares Gándara na data 30/05/2024 12:36:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/05/2024 12:36:40

Raquel Arias Rodríguez na data 30/05/2024 12:37:09

Nicole Grueira Fernández na data 30/05/2024 12:37:23

Cristina Campero Dorado na data 30/05/2024 12:37:32

Elena Candia López na data 30/05/2024 12:37:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/05/2024 12:37:57

José Mato Díaz na data 30/05/2024 12:38:14

Noelia Pérez López na data 30/05/2024 12:38:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cobro de canon de SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estas alturas do ano os concellos adheridos a SOGAMA aínda non coñecen a contía do canon que se lles vai aplicar e unha boa parte deles aínda non recibiron comunicación das contías dos pagamentos que teñen que facer.

Non se coñece tampouco cal vai ser a repercusión do novo imposto á incineración e ao depósito en vertedoiro, nin a bonificación a aqueles concellos que cumpriron os requisitos establecidos para a recollida separada dos biorresiduos.

Por outra parte, en relación con esta fracción cuxa recollida separada é obrigatoria, non existe un criterio claro sobre a aplicación do correspondente canon. Por unha parte existen concellos que recibiron a proposta de convenio para a adhesión ás novas plantas de compostaxe e, por outra, na nova lei de beneficios dos recursos naturais de Galiza prevese un novo canon para o ano 2024 de 50 euros por tonelada de residuos entregados que fixará a consellaría competente en materia de residuos, mais o correspondente IVE.

A situación que acabamos de describir pon de relevo a improvisación e os bandazos da política de residuos da Xunta e tamén a falta de diálogo cos concellos, coa FEGAMP e cos axentes económicos e sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o Goberno galego a abrir un proceso de diálogo cos grupos parlamentares, coas entidades sociais e coa FEGAMP para estudar o modelo de xestión de residuos, os seus custos, a aplicación dos novos impostos e canons pola recollida e xestión de residuos, e os incentivos e bonificacións relacionados con boas prácticas na prevención, na recollida e na xestión dos residuos.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 30/05/2024 13:04:52

Luis Bará Torres na data 30/05/2024 13:04:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o plan de emprego anunciado por Pedro Sánchez para Navantia durante o ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

O volume de emprego ao que nos referiamos de inicio chega na ría de Ferrol ao entorno dos 1.800 empregos directos por parte da propia Navantia, sen contar a industria auxiliar ou complementaria, o que nunha zona económica e demograficamente deprimida como a de Ferrol, coloca as condicións salariais do cadro de persoal de Navantia e a negociación do seu convenio colectivo como unha cuestión da máxima relevancia económica e social para toda a comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de marzo do pasado ano 2023 o presidente do goberno español, o Sr. Pedro Sánchez, anunciou a contratación de 1.500 traballadores e traballadoras para reforzar os cadros de persoal da empresa. Este anuncio foi saudado de inmediato pola representación legal do persoal, que ademais de celebrar o anuncio, instaba ao goberno a formalizar canto antes o foro onde concretar as condicións nas que se habían de producir esas novas incorporacións, basicamente prazos, distribución territorial, orgánica e funcional.

Este anuncio provocou na comarca de Ferrol algunha outra reacción, entre o estupor, a indignación e mesmo a preocupación, xa que ao contrario que nos demais centros da empresa, na ría de Ferrol, aínda non se completaron as incorporacións correspondentes ao anterior plan de emprego, estando pendentes un total de 100 novas contratacións.

Pois ben, a día de hoxe, aínda sen constituír ese foro demandado pola parte social, e aínda sen completar as incorporacións na comarca de Ferrol, xa se produciu a contratación de 100 novas persoas nos centros situados na baía de Cádiz, o que constitúe unha discriminación flagrante, en termos políticos, unha falta de respecto á representación legal do persoal, e unha gran torpeza empresarial, na medida en que significa desatender as necesidades de man de obra do principal centro produtivo e con máis carga de traballo da empresa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. A demandar do goberno estado a entrada no Consello de administración de Navantia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A demandar do goberno do estado un reparto por centros, ou distribución desas 1.500 novas contratacións, proporcional ou actual volume de emprego dos respectivos centros de traballo da empresa.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 30/05/2024 16:49:44

José Manuel Golpe Acuña na data 30/05/2024 16:55:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/05/2024 16:55:47

Rosana Pérez Fernández na data 30/05/2024 16:55:53





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O dereito constitucional de acceso á xustiza é un pilar básico do noso Estado de dereito, que vén reforzado na Constitución co recoñecemento no art.119 da gratuidade da xustiza naqueles casos que dispoña a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios para litigar.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta establece o marco normativo deste dereito que é complementado coa normativa de carácter autonómico, en Galicia a Lei 4/2016, do 4 de abril, xa que a competencia para a aplicación e xestión deste dereito corresponde ás CC.AA con competencias transferidas.

Desde hai moitos anos a prestación deste servizo no noso territorio é claramente ineficaz debido a dúas razóns fundamentais por unha banda, o insuficiente orzamento destinado a este fin; e por outra, a falla de protección e amparo aos profesionais que forman parte da quenda de asistencia xurídica gratuíta.

Isto motivou que os letrados que prestan asistencia xurídica gratuíta en Galicia convocaron unha folga o pasado 21 de novembro que dura ata a actualidade na que reivindican que se cumpran os mínimos dereitos profesionais dos letrados que prestan estes servizos públicos e que se atopan nunha situación claramente discriminatoria.





Os socialistas e as socialistas defendemos este servizo como esencial para garantir a equidade nos dereitos da cidadanía polo que reclamamos ao Goberno galego que aumente a partida destinada a este fin e modifique o baremo da quenda de oficio co fin de establecer unhas condicións laborais e económicas xustas para os letrados e as letradas que prestan este servizo.

Finalmente, sinalar que desde o Grupo Socialista entendemos que a imaxe desvalorizada que presenta este servizo na sociedade ten que ser corrixida mediante campañas de sensibilización á cidadanía que informen sobre os requisitos de acceso a este dereito e a capacidade e dilixencia dos profesionais adscritos a esta quenda, que corrixa este erro de apreciación.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reunirse, urxentemente, coas plataformas, asociacións e sindicatos de letrados e letradas da quenda de oficio, legalmente constituídas, co fin de atopar unha solución consensuada que poña fin á folga actual.

2. Tendo en conta que o baremo actual remata en 2024, aprobar, para a súa entrada en vigor antes de que finalice o 4º trimestre de 2024, un novo baremo que conteña as seguintes determinacións:

a) Incremento das contías coas actualizacións do IPC aínda pendentes e establecer que no futuro se actualicen anualmente tendo en conta este índice económico.

b) Incluír no baremo as seguintes actuacións:





- Asistencia detido tamén nas dependencias xudiciais, cando pasen máis de 24 horas desde a primeira asistencia.
- Abono da asistencia na fase de instrución cando despois se decrete o sobresemento.
- Dispoñibilidade o día de garda.
- Desprazamentos para asistencia a detidos ou internos a centros policiais, xudiciais, ou de internamento penitenciarios ou de menores.
- Asistencia a comparecencia de conformidade.
- Asistencia diaria á vista despois do segundo día ou por duración ordinaria ou derivado dunha suspensión.
- Asistencia a comparecencia peza de situación persoal, de responsabilidade civil ou de execución penal.
- Procedemento de Menores: Fase de Instrución na Fiscalía e pezas de situación persoal e de responsabilidade civil.
- Reclamación previa preceptiva na xurisdición Civil ou Social.
- A intervención letrada nos MASC e no SMAC con independencia do proceso posterior.
- A execución de sentenzas e máis de autos (firmes) de medidas.
- Recurso de reposición na xurisdición contencioso-administrativa.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2024 17:02:59
Nº Rexistro: 5119
Data envío: 30/05/2024 17:02:59.922

3. Revisar á alza a porcentaxe que se destina a sufragar a achega aos colexios profesionais para a xestión da quenda de oficio, por ser o actual claramente insuficiente para iso.

4. Establecer como retribucións as cantidades que se perciben polo labor prestado na quenda de oficio non como “indemnizacións”, ou “compensacións”.

5. Abonar ao letrado o traballo realizado no caso de denegación ao xusticiable do dereito á asistencia xurídica gratuíta sen prexuízo do posterior dereito de repetición do organismo público.

6. Garantir nos edificios un espazo e medios necesarios para que as letradas e os letrados da quenda de oficio poidan efectuar o seu traballo con privacidade.

7. Implementar campañas de sensibilización á cidadanía que informen sobre os requisitos de acceso a este dereito e a capacidade e dilixencia dos profesionais adscritos a esta quenda, que corrixa este erro de apreciación.

Santiago de Compostela, 30 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/05/2024 16:38:57

Patricia Iglesias Rey na data 30/05/2024 16:39:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/05/2024 16:39:29

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13499

@PSdeG



CSV: B0P1S7B9GidmH0u4656i-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o plan industrial anunciado por Pedro Sánchez para Navantia durante o ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

Mais as declaracións públicas de aposta e defensa do sector non sempre casan ben coa realidade, e o exemplo das políticas aplicadas aos centros de Navantia na ría de Ferrol son ben ilustrativos. A política coñecida como de reconversión aplicada polos diferentes gobernos do estado, resultou ser unha política absolutamente decidida a reducir capacidades, e ten provocado unha perda de poboación e nomeadamente de poboación activa na comarca de Ferrol que non ten comparación con ningunha outra cidade ou comarca do estado español.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha mestura de restricións europeas (hoxe vencidas) en favor da consolidación da construción naval nos estados centrais da UE; a dificultade de competir nos mercados mundiais contra os construtores asiáticos sen os necesarios instrumentos de intervención e regulación no mercado e na industria que compensen os que aplican aqueles estados; e os deseños propios do estado español claramente favorables aos estaleiros do grupo situados na Baía de Cádiz en detrimento dos centros galegos, son parte do contexto económico e socio-político no que se ven desenvolvendo o debate ao respecto do sector naval público na Ría de Ferrol, e as sucesivas negociacións de Plan industriais para Navantia.

A negociación actualmente en marcha non é unha excepción e vemos como reivindicacións da parte social de Navantia ría de Ferrol, de modernización das instalacións con novas infraestruturas ben dimensionadas, de recuperación de actividades como a construción naval civil, así como a de introducirse nos segmentos con maior carga tecnolóxica das novas actividades, como as relacionadas coas enerxías renovábeis, todas elas demandas orientadas a garantir o futuro da empresa, do emprego, da creación de riqueza na comarca, e polo tanto a promover unha recuperación demográfica e socio-económica real da comarca de Ferrol son rexeitadas pola representación da empresa pública.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do goberno estado:

1. A entrada no Consello de administración de Navantia
2. A adxudicación ao Centro Navantia ría de Ferrol das construcións militares de mediano e gran porte, como viña sendo norma historicamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A recuperación da actividade de construción naval civil
4. A introdución de Navantia ría de Ferrol nos segmentos con maior carga tecnolóxica das actividades relacionadas coas enerxías renovábeis e a descarbonización da mobilidade marítima
5. A dotación de novas infraestruturas, como un dique para nova construción e outro para reparacións de maiores dimensións que actual dique 3, así como mellorar e aumentar a capacidade dos sistemas de elevación de cargas
6. A descentralización da política de compras e subcontratación favorecendo ao tecido empresarial do territorio de referencia para Navantia ría de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 30/05/2024 17:05:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 30/05/2024 17:10:58

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/05/2024 17:11:32

Ana Pontón Mondelo na data 30/05/2024 17:11:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a Variante de Alba no concello de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada “Variante de Alba” é un vial novo previsto en diferentes planificacións das infraestruturas da área de Pontevedra que leva 20 anos pendente. Trátase dunha vía estratéxica para as comunicacións da zona norte do concello de Pontevedra, xa que comunicaría a estrada de Vilagarcía coa estrada de Santiago, e polo tanto permitiría desviar da zona urbana o tráfico pesado e de paso.

No ano 2010 esta infraestrutura duns 800 metros de lonxitude foi incluída no Plan Move, aínda que nunca chegou a executarse. Aínda que o concello fixo diferentes propostas en canto á tipoloxía do vial e o trazado, a Xunta sempre puxo excusas para asumir a súa construción e financiamento. No ano 2021 os técnicos municipais formularon unha proposta de vial e de trazado que foi rexeitada pola Xunta, s

O pasado ano o presidente da Xunta comprometeuse co Alcalde de Pontevedra a estudar o proxecto e incluílo nun plan máis amplo en relación coas infraestruturas viarias de titularidade autonómica. O alcalde de Pontevedra solicitoulle unha entrevista á nova conselleira de Infraestruturas para impulsar esta e outras actuacións do seu departamento que están pendentes.

Recentemente, oito asociacións da zona norte do concello de Pontevedra dirixíronse ao alcalde de Pontevedra para demandarlle a construción desta infraestrutura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que consideran vital polos seus efectos positivos na mobilidade e conectividade motorizada das parroquias do rural pontevedrés, a conexión entre a zona costeira e a do interior, coa autoestrada AP 9 e con importantes equipamentos como os centros educativos de Campañó e Lérez, o centro de saúde de Lérez, o hospital de Montecelo, o campus Universitario-zona escolar e deportiva da Xunqueira, a UNED ou o parque empresarial do Campiño. Ademais, por tratarse dunha infraestrutura de mobilidade peonil, facilitaría moito as comunicacións a pé entre as parroquias de Campañó e Lérez.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Impulsar a construción da Variante de Alba no concello de Pontevedra, en colaboración co concello e tomando como base o proxecto elaborado polos técnicos municipais no ano 2021.
2. Incluír unha partida nos orzamentos da Xunta para o ano 2025, co obxectivo de iniciar as obras nesa anualidade.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/05/2024 17:38:11

Luis Bará Torres na data 30/05/2024 17:40:56





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Alberto Pazos Couñago, Cristina Campero Dorado, Cristina Sanz Arias, María Felisa Rodríguez Carrera, Miguel Fidalgo Iglesias e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria canto antes sobre este tema.

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia puxo en marcha o PROXECTO NÓS en colaboración coa USC, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation por importe de 15M€ que ten por obxectivo favorecer a creación de ferramentas que permitan que o galego estea presente en todos os ámbitos, especialmente no tecnolóxico con sintetizadores de voz, recoñecedores de fala ou xeradores de lingua natural.

Pola súa envergadura, esta proposta terá efectos tanto no sector público como no privado: prevese unha mobilización de máis de 45M€ e a creación de 450 empregos novos, directos e indirectos.

A Xunta de Galicia, a USC e a Uvigo asinaron un convenio para dotar 600.000€ anuais que serven para avanzar no traballo de campo e deseñar os prototipos de recursos.

O PERTE Nova Economía da Lingua foi formulado polo Goberno central coma unha importante oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais como factor de crecemento económico e competitividade internacional.





Para iso, o devandito Plan foi dotado cun orzamento de 1.100 millóns de euros, contando ademais con mobilizar outros 1.000 millóns procedentes de investimentos privados.

O Goberno galego, como xa ten demostrado, é consciente da importancia da lingua para que Galicia poida seguir medrando. Por iso, presentou unha iniciativa tan importante coma o Proxecto Nós, cun orzamento de 15 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 2 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que vaia completando a súa parte na dotación co fin de achegar a totalidade dos 15 millóns de euros solicitados por Galicia no marco do PERTE Nova Economía da Lingua”.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024.





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 31/05/2024 12:29:42

Carmen Pomar Tojo na data 31/05/2024 12:30:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/05/2024 12:30:16

José Luis Ferro Iglesias na data 31/05/2024 12:30:30

Víctor Baladrón Lamas na data 31/05/2024 12:30:55

Julio García Comesaña na data 31/05/2024 12:31:05

Patricia García González na data 31/05/2024 12:31:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 31/05/2024 12:31:31

Raúl Santamaría González na data 31/05/2024 12:31:43

María Deza Martínez na data 31/05/2024 12:31:56

Cristina Campero Dorado na data 31/05/2024 12:32:08

Cristina Sanz Arias na data 31/05/2024 12:32:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/05/2024 12:32:36

Miguel Fidalgo Iglesias na data 31/05/2024 12:33:06

Juan Manuel Casares Gándara na data 31/05/2024 12:33:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a redución da actividade asistencial do SERGAS no verán .

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galiza se pronuncie ante o anuncio de peche de camas hospitalarias no período estival e da redución de actividade asistencial de leva parella.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública galega é de extrema gravidade. Nos últimos días veñen de facerse públicas as listas de agarda hospitalarias recollendo a situación ao peche do ano 2023. Nestas listas podemos observar como aínda 45.027 están agardando por unha cirurxía, 212.281 están pendentes dunha primeira consulta hospitalaria e 114.632 agardan por unha proba complementaria. Listas que non reflicten totalmente a realidade, pois o Partido Popular mantén ocultas as listas de agarda non estruturais, nas que se acumulan miles de pacientes sen ter ningún acceso á información que lles corresponde, e sen permitir unha análise completa da situación do sistema sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con este volume de actividade asistencial estancada, o Sergas planifica reducir a súa actividade asistencial durante o verán. Deste xeito quedarán inactivas 780 camas hospitalarias neste verán, 115 máis que no mesmo período de 2023. Na área sanitaria da Coruña deixarán de funcionar 204 camas; o CHUF bloqueará 36; 112 camas na área de Santiago e Compostela, que se suman ás 70 camas inactivas desde hai meses do Hospital Gil Casares por mor das obras que están tendo lugar neste centro; 134 na área de Lugo; a área de Vigo pechará 140 camas; e 122 de camas en Pontevedra. A área sanitaria de Ourense, pola contra, non ten intención de fechar ningunha cama no que resta de ano.

Esta é unha política que non resulta novidosa na Xunta de Galiza, xustificando este bloqueo de camas hospitalarias pola redución de patoloxías estacionais e a correlativa redución de ingresos hospitalarios. Mais o certo é que se trata dunha política que furta a posibilidade de reducir as avultadas listas de espera, ademais de ter provocado situacións complicadas pola reorganización das plantas de hospitalización que provoca, ademais de empeorar a saturación dos servizos de Urxencias, tanto hospitalarios coma nos PAC.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Non pechar unidades de hospitalización durante o verán, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao bloqueo de camas, diminución de actividade nos quirófanos e probas diagnósticas nos centros hospitalarios do Sergas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º.- Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas (camas, quirófanos, probas diagnósticas, etc.) e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis nos centros públicos.

3º.- Presentar no Parlamento galego no prazo máximo de 15 días o informe en base ao cal a Consellería de Sanidade fai a planificación da atención sanitaria no verán (listas de espera, persoal dispoñíbel para ser contratado, repercusión nas listas de espera da diminución de actividade destes meses...), e que recolla tamén as contratacións realizadas nos centros hospitalarios para substituír ao persoal durante os meses de verán, desagregadas por centro, mes ou quincena, e por categorías profesionais.

4º.- Facer públicas a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais coma non estruturais.”

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/05/2024 13:35:31

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2024 13:42:44

Ariadna Fernández González na data 31/05/2024 13:42:49

Iago Suárez Fernández na data 31/05/2024 13:43:48

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2024 13:43:50





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

As unidades de alto risco (UAR) son zonas habilitadas nos centros hospitalarios para que poidan ser atendidos reos con doenzas que necesiten hospitalización.

Estas unidades atópanse localizadas nos centros hospitalarios pero gozan dunha especial protección fronte a posibles intentos de fuga, asaltos ou ataques violentos co fin de evitar poñer en perigo ao resto dos usuarios e aos profesionais sanitarios, a maiores están custodiadas por varios axentes da Policía Nacional.

Na actualidade a UAR de Pontevedra atópase no Hospital Provincial pero está previsto o seu traslado ao Gran Montecelo unha vez este comece a funcionar.

Desde os sindicatos policiais amosan a súa preocupación polo descoñecemento en relación á radicación e características desta nova unidade xa que, a día de hoxe, o Sergas non mantivo ningunha xuntanza con eles.

Trátase dunha unidade cuxas características específicas requiren que na súa súa radicación se teñan en conta moitos aspectos de seguridade, privacidade... que deben ser consensuados con representantes das Forzas e Corpos de Seguridade co fin de acadar o resultado máis satisfactorio posible, polo que desde o Partido Socialista entendemos que debe existir unha xuntanza previa





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 4811
Data envío: 23/05/2024 19:08:34.238

entre o xerente da area sanitaria de Pontevedra-Salnés e os representantes das Forzas e Corps de Seguridade co fin de establecer os criterios de localización e as características que debe ter a UAR no Gran Montecelo.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, a través do Sergas, se reúna cos representantes das Forzas e Corps de Seguridade do Estado para consensuar as características e radicación da nova Unidade de Alto Risco que vai ser creada no Gran Montecelo, así como as condicións temporais nas que van suplir este servizo mentres este traslado non sexa efectivo.

Santiago de Compostela, 23 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 19:04:08

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 19:04:24

Silvia Longueira Castro na data 23/05/2024 19:04:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/05/2024 19:04:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13515

@PSdeG



CSV: B0P1S1R0G31E1D1E1G62
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que impulse a Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPVI) en todos os centros educativos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade social é cada vez máis complexa e convulsa. Son nas etapas da infancia e mocidade que se producen adiccións ás novas tecnoloxías, acceso a información sesgada e dirixida á violencia, ao porno de todo tipo, ás distintas fobias ás persoas con diversidade, xunto coa aparición nos medios de comunicación de grupos políticos ultras que fomentan legalmente discursos xenófobos e violentos.

Neste escenario, a convivencia entre o alumnado xera problemas, entre eles o Acoso Escolar ou Bullying, e corresponde dende a Administración competente en Educación, poñer a disposición dos centros escolares todos os medios ao seu alcance para que educar na diversidade e convivencia sexa un feito real e tanxible.

Podemos poñer enriba da mesa ás Leis aprobadas na última década para acotar este gran problema social e educativo, pero a realidade é que non se poden desenvolver se non se dan as circunstancias e medios que o permitan.

A Lei estatal de convivencia 4/2011, de 30 de xuño e o decreto 8/2015 que desenvolve a estatal, por sí mesmas non teñen capacidade de resolver ou aínda que fora,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mellorar a situación de convivencia entre o alumnado e do alumnado cara ao resto da comunidade educativa.

Nos últimos anos déronse importantes pasos para establecer todos os mecanismos posibles para a prevención, detección precoz e atención da infancia vítima da violencia coa aprobación da Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPVI).

Esta lei reconece que a violencia cara á infancia e adolescencia é unha realidade moi estendida, con diversas causas e efectos múltiples que se dan en variados contextos, a miúdo ocultos. Existen espazos que consideramos inicialmente seguros para nenas, nenos e adolescentes que son os contextos onde máis casos poden darse de violencia.

Deste xeito, este marco legal pon o foco nos distintos profesionais que desenvolven as súas responsabilidades nunha contorna próxima á infancia e adolescencia, ordenando unha maior sensibilización e capacitación para a prevención, detección precoz, atención e reparación ás vítimas de violencia. Pero tamén pon o foco nas familias, ordenando unha maior sensibilización e concienciación destas ata acadar a tolerancia cero a calquera tipo de violencia.

O Acoso escolar é a manifestación máis importante e cruel deses problemas de convivencia xa que trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano, é repetida no tempo e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.

Na maioría das ocasións este acoso ven determinado por algún tipo de discriminación que se converte en obxecto de persecución por parte do alumnado cara a un/unha alumna.

Esta situación deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos, secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves e que en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demasiadas ocasións forma parte do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital.

Numerosos informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc. concordan en que os recursos aportados dende a Xunta de Galiza aos centros educativos son absolutamente insuficientes para abordar o drama do acoso nos nosos días e que leva, en demasiadas ocasións, a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo.

A finais de setembro de 2023, a Consellaría de Educación comunicou que aprobaran o Plan Integral contra o acoso e o ciberacoso escolar 2023-2025, que íase aplicar neste mesmo curso e que contiña un conxunto de accións específicas na "intensa loita" neste ámbito. Dentro destas medidas atopábase a instalación de 'puntos laranxas', a modo de buzóns, tanto físicos como virtuais, a través dos cales o alumnado podería denunciar de forma anónima e segura estes casos.

Pero a realidade é que, salvo esta cuestión, a creación da Comisión de Convivencia nos centros e formación ao profesorado, aínda non existen as ferramentas precisas para loitar con firmeza e decisión fronte á violencia na infancia e mocidade, malia que a responsabilidade de impulsar e implantar as medidas da LOPIVI é da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a asumir por parte da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, as seguintes accións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Impulsar a implementación da Lei Orgánica 8/2021 de protección Integral á Infancia e Adolescencia fronte á Violencia en Galiza dotando dos recursos precisos.

2- Promover campañas de sensibilización á cidadanía para a tolerancia cero a todo tipo de violencia cara a infancia e adolescencia.

3- Facilitar programas formativos aos distintos profesionais en contacto coa infancia para a mellora da prevención e a detección precoz da violencia, non só ao profesorado.

4- Impulsar a participación da infancia como instrumentos chave para traballar a prevención da violencia e xerar contornas seguras.

5- Mellorar os sistemas de recollida de datos para coñecer o alcance real da problemática da violencia e poder deseñar as políticas axeitadas para dar fin a este problema.

6- Impulsar as figuras de Coordinador/a de Benestar e Protección para centros educativos e o Delegado/a de Protección no ámbito deportivo e de ocio dotándoas da formación integral e continua, o orzamento e a disposición horaria precisa para desenvolver as súas funcións.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/05/2024 12:17:39

Ariadna Fernández González na data 24/05/2024 12:23:49

Iago Suárez Fernández na data 24/05/2024 12:23:51

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2024 12:24:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de implementar a gratuidade universal de libros de texto en todas as etapas e niveis de estudos obrigatorios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España, a inflación tocou o seu máximo en xullo de 2022, cando o IPC subiu un 10,8 %, aínda que os incrementos interanuais foron menores os prezos non se teñen reducido. O último dato do Instituto Nacional de Estatística (INE) é do mes de abril, cun alza do 3,3 % respecto a fai un ano. A mediados de maio coñecéronse tamén as subidas dos alimentos dese mesmo mes, un 4,7 % máis altos que fai un ano.

Segundo a Comisión Europea, o aumento dos salarios, o crecemento continuado do emprego e a caída da inflación deberían impulsar o poder adquisitivo no 2024 e no 2025, o que debería estimular o consumo. Pero isto non está a suceder así. O último barómetro de consumo de Cetelem (Banco de crédito ao Consumo) indica que o gasto en enerxía, alimentación e transporte disparouse nos últimos doce meses.

Tres de cada cinco persoas no Estado míranse obrigados a destinar máis orzamento para alimentación que fai un ano. Todas as familias teñen adoptado estratexias para preservar o seu poder adquisitivo. Mentres que o 69% dos fogares con rendas baixas renunciaron a actividades de ocio, un 39% míranse obrigadas a reducir o consumo de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igual acontece cos hábitos alimentarios. As familias que menos gañan van prescindir de produtos como a carne ou o peixe para reducir o custo da compra mensual.

E o máis preocupante é que un 42% tiveron que reducir a inxesta de alimentos en xeral: é dicir, comer menos. Deste xeito estanse reducindo non só a calidade dos produtos que compran, senón tamén a cantidade e a renunciar á compra de produtos ecolóxicos.

En setembro, no comezo do presente curso escolar, dende o BNG xa advertiamos da situación económica complicada das familias. Ao custo da bolsa da compra sumábase a do importe elevado en alugueiro, o recibo da luz ou mesmo da calefacción. Está á vista que foi a peor en lugar de mellorar e teremos un novo comezo de curso escolar aínda máis duro para as familias que en 2023. De novo en setembro terán que asumir o gasto extraordinario dos libros e material escolar e deportivo, que deixan ás familias sen recursos para asumir os demais gastos básicos.

En agosto do pasado ano, presentamos unha iniciativa que pedía medidas económicas complementarias para solventar ese gasto extra de setembro e plantexabamos a reflexión sobre un cambio de sistema que mellorara esta situación de cara ao vindeiro 24/25 que agora temos á vista.

O Partido Popular votou en contra daquela e sigue posicionándose na actualidade do mesmo xeito.

Dende o BNG pensamos que xa é tempo de que despois de 15 anos ao fronte da Xunta de Galiza, o PP planifique financiar na súa totalidade os libros de texto e material escolar que precisa o alumnado mediante fondos solidarios, un sistema que xa demostrou o seu acerto durante o bipartito. Libros gratis en préstamo para todas e todos, xa que o dereito de todas as persoas á educación está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución Española de 1978, que proclama o dereito á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educación e a liberdade da ensinanza, pero é no 27.4. onde dí textualmente “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta”.

Pero a realidade é que o PP volta de novo a convocar as mesmas axudas nun corta e pega das anteriores e usar o mesmo método que esquilmará de novo ás familias un ano máis.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Programar e planificar para o vindeiro curso escolar un sistema de gratuídade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas obrigatorias por un número mínimo de anos.

2.- Tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, reducir o máximo posible o número de libros de texto, que produciría beneficios físicos entre o alumnado ao non ter que cargar peso excesivamente, pero garantindo a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias.

3.- Reforzar a plataforma e contidos do Proxecto Educativo E-Dixgal para que poida ofrecer tanto ao persoal docente, como ao alumnado e as súas familias a formación e información suficiente como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Cristina Fernández Davila

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 24/05/2024 12:36:22

Ariadna Fernández González na data 24/05/2024 12:41:38

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2024 12:41:40



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 26 de abril de 2024 publícase no DOG o anuncio de información pública do proxecto de trazado da glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418 (Malpica), de clave AC/23/089.06.

Segundo se indica no proxecto o obxecto do mesmo é:

A actuación prevista no presente proxecto comprende a creación dunha glorieta no P.Q. 15+470 da estrada AC-418 no núcleo de Malpica coa finalidade de mellorar:

- A seguridade viaria: preténdese así, reducir a velocidade de circulación dos vehículos ao aproximarse a este punto, especialmente sensible ao ser unha intersección que dá acceso a un colexio.
- A funcionalidade da estrada, xa que a glorieta funcionará como punto de xiro e cambio de sentido.

As obras viarias que se proxectan son:

- GLORIETA: O eixe definido para a glorieta é unha circunferencia de radio 14 m que coincide co anel exterior da calzada.
- ENTRADA GLORIETA: corresponde co tronco da estrada AC-418 dende o inicio do tramo proxectado no PQ 15+430 até a intersección onde se proxecta a glorieta.
- SAÍDA GLORIETA: corresponde co tronco da estrada AC-418 a par8res da intersección onde se proxecta a glorieta (PQ 15+480 da AC-418) até o final do treito no PQ 15+490.
- ACCESO CANIDO: defínese dito eixo para o enlace da glorieta coa actual rúa Canido e consta dunha lonxitude de 9,71 m.





- ACCESO COLEXIO: corresponde ao acceso dende a glorieta proxectada co CEIP Milladoiro. O eixo conta cunha lonxitude total de 20,77 m.

2. ALEGACIÓNS

O presente proxecto debe dar cumprimento ao mandato das disposicións da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (en diante Lei 10/2014) e a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (non está en vigor o seu anexo), e en ausencia do desenvolvemento regulamentario da primeira, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barraras na Comunidade Autónoma de Galicia (na súa redacción actual, e en adiante DÁ 35/2000).

No ámbito estatal o Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificación (en diante RD 505/2007) e a Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. (en diante Ou.TMA/851/2021).

Así a lei 10/2014, indica:

Artigo 5. Accesibilidade en espazos públicos urbanizados.

1. As vías públicas, parques e demais espazos de uso público haberán de ser proxectados, construídos, restaurados, manidos, utilizados e reurbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas.
2. En zonas urbanas consolidadas, cando non puidese cumprirse algunha das devanditas condicións, formularanse as solucións alternas que garantan a máxima accesibilidade posible, para o que se requirirá ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade.

Artigo 18. Acceso ao interior do edificios.

Os accesos a todo edificio haberán de garantir a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles.


Consideramos que o presente proxecto non cumpre a normativa de accesibilidade, de feito e cando menos curioso que o proxecto non recolla



en ningún apartado ou anexo o obrigado cumprimento da normativa de accesibilidade.

Os accesos ao colexio público Milladoiro presentan actualmente una pendente media del 14,75 %, pendente xa elevada, por encima do 12 % (máxima pendente que recolle a norma para un itinerario practicable). Estes accesos utilizados polos nenos e nenas a diario xa que o desembarque dos alumnos dos buses produce a pé da AC-418.

A implantación da rotonda neste punto provoca que a pendente do acceso ao colexio público aumente ata o 20,70 %, ramplas como as que temos no famoso porto do Mirador do Ezaro.



Imaxe 1: Perfil lonxitudinal extraído do proxecto do acceso ao Colexio Milladoiro

Lembramos que a Lei 10/2014, no artigo 5.2, a obriga de mellorar os accesos, neste caso empeóranse moito, xa que todo mundo comprende que unha pendente do 20,70 % é impracticable para calquera persoa con mobilidade reducida e incluso de grande dificultade para o resto da xente.



Tampouco nos consta a existencia do obrigatorio dítame da Comisión Técnica de Accesibilidade. O proxecto tampouco recolle as manobras de embarque e desembarque dos buses para deixar e recoller aos cativos na entrada e saída do colexio.



Imaxe 2. Planta do proxecto

Si o embarque e desembarque se produce na parada de bus existente diante do centro cívico, os nenos terán ademais que circular por una beirarrúa (sinalada co círculo vermello na imaxe) cun ancho de tan solo 1,25 m, incumprindo de novo a normativa de accesibilidade, que fixa un ancho mínimo de 1,80. Ancho que aínda nos parece escaso para absorber a un fluxo de decenas de nenos que baixan xuntos do bus e cun entorno de tráfico moi importante e en zona de manobras.

Por todo o anterior consideramos que o proxecto non cumpre a normativa e lexislación en materia de accesibilidade, vai empeorar en moito o acceso ao centro educativo, empeorando tamén a seguridade dos nenos na entrada e saída do cole.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2024 12:55:16
Nº Rexistro: 4844
Data envío: 24/05/2024 12:55:16.273

Por todo ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que requira ao departamento competente en materia de estradas para que o proxecto "*poñer nome do*" cumpra de forma estrita á normativa de accesibilidade, e se propoñan solucións técnicas para que a pendente da rampla de acceso ó centro educativo cumpra a devandita normativa.

Santiago de Compostela, 24 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 24/05/2024 12:45:00

Carlos López Font na data 24/05/2024 12:45:10

Paloma Castro Rey na data 24/05/2024 12:45:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/05/2024 12:45:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de instar ao Goberno do Estado a modificar a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril segundo as demandas das diferentes asociacións científicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE publicou o 1 de maio a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril, pola que se regula a subscrición de convenio especial coa Seguridade Social a efectos do cómputo da cotización polos períodos de prácticas formativas e de prácticas académicas externas reguladas na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, realizadas con anterioridade á súa data de entrada en vigor. O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas.

Asociacións científicas como a Asociación Nacional de Investigadores Hospitalarios (ANIH), a Asociación Española de Investigación sobre o Cancro (Aseica), a Sociedade Española de Bioquímica e Bioloxía Molecular (SEBBM) e a Sociedade Española de Neurociencia (SENC) expresaron a súa contrariedade e malestar con esta Orde e demandan ao Ministerio de Seguridade Social que rectifique a regulación sobre a cotización retroactiva dos bolseiros de investigación. Lembran que a comunidade científica protagonizou longos anos de reivindicacións para que a carreira científica considerácese unha actividade laboral de pleno dereito en todas as súas fases.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un esforzo que se viu reflectido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ao establecer a obrigación da contratación laboral desde o inicio da fase de investigador predoutoral coa cotización á Seguridade Social. Ata entón, o persoal investigador que comezaba a súa carreira profesional percibía bolsas nas súas fases iniciais que non incluían dereitos sociais nin laborais como permisos de maternidade, de paternidade, baixas médicas ou vacacións.

O Real Decreto-Lei 2/2023 estableceu a posibilidade de subscribir un convenio especial para recuperar a cotización de períodos de prácticas anteriores ao 2011, incluíndo o doutoramento. Inicialmente permitiuse regularizar dous anos e despois estendeuse a cinco anos do devandito período de formación.

As asociacións advertiron ao Ministerio que esta norma non resolvía o problema das bolsas de investigación dado que se dan períodos sen cotización de ata 16 anos que afectan á idade de acceso á xubilación e á pensión. Lembran que fixeron chegar ao Ministerio opcións para liquidar estas situacións e alertaron das dificultades que podería supoñer para moitos investigadores ter que asumir o custo de cubrir retrospectivamente cotas que terían que pagar as entidades emisoras das bolsas, moitas delas as Administracións públicas.

As asociacións científicas presentaron en decembro pasado unha serie de alegacións ao proxecto de Orde, entre elas, algunhas concernentes a este tema.

Pero evidentemente isto afecta de maneira directa a todas as investigadoras e investigadores do noso país polo que a Xunta de Galiza debe tomar parte na resolución deste problema.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a trasladarlle ao Goberno Estado a necesidade de modificar a Orde ISM/386/2024, do 29 de abril, pola que se regula a subscripción do convenio especial coa Seguridade Social a efectos do cómputo da cotización polos períodos de prácticas formativas e de prácticas académicas externas, atendendo ás demandas das distintas asociacións científicas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/05/2024 13:03:38

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2024 13:07:51





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivas, de vixilancia e defensa contra incendios forestais.

Con esta medida preténdese a implicación das administracións locais no operativo de loita contra os lumes que o Goberno galego desprega cada ano mediante a configuración por parte dos municipios dunha ou dúas brigadas de cinco compoñentes, compostas por un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada, que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro, quedan baixo o mando organizativo e funcional do distrito que corresponda.

Os brigadistas reciben unha formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a súa propia seguridade laboral. O financiamento destes convenios é realizada con fondo europeos, no marco do PDR de Galicia para labores exclusivamente de prevención.

Por outra banda, os labores de vixilancia e defensa contra incendios é financiado pola Xunta de Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable,





formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias, xa desde o ano 2017 detectouse a falla de dispoñibilidade de xefes de brigadas, que fixo que moitos concellos non puidesen constituílas. Proba diso é que no ano 2016 se constituían 263 brigadas en no ano 2023 só foron constituídas 151.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dar os pasos necesarios para mudar o modelo de ofertar convenios aos concellos de brigadas de incendios cara a un servizo único, estable, profesional e equipado dependente do Goberno galego e mentres isto non se leve a cabo ofertar, en todo caso, o convenio ás entidades locais só para labores preventivas, cunha duración mínima de 6 meses.

Parlamento de Galicia, 25 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2024 11:12:31
Nº Rexistro: 4874
Data envío: 25/05/2024 11:12:31.146

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/05/2024 11:04:04

Lara Méndez López na data 25/05/2024 11:04:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/05/2024 11:04:40

CSV: B0P1STB03-04EDR450462
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13535

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos da Costa da Morte, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Muxía, Vimianzo e Zas están situados no xeodestino da Costa da Morte, concellos coñecidos pola súa paisaxe inconfundible mesturada co misterio e as lendas que conforman o seu sinal de identidade.

Esta singularidade unida á extensa oferta cultural dos ditos concellos fan que o turismo sexa un dos motores económicos da zona que unido á importancia do sector pesqueiro constitúen as actividades con maior peso do mencionado territorio.

A Costa da Morte é unha das zonas que máis poboación perde ano tras ano, 5563 habitantes menos nestes 7 concellos dende 2009, que é tanto como se nestes 12 anos desapareceran máis que a totalidade das e dos habitantes actuais de Camariñas (o terceiro concello máis poboado). Se dende a Administración autonómica non se executan medidas eficaces que revertan esta sangría demográfica é posible que nun prazo non demasiado longo esta zona quede practicamente despoboad.

As e os socialistas recordámoslle á Xunta de Galicia unha e outra vez que a medida máis eficaz para evitar o despoboamento nos territorios é aplicar





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2024 10:52:36
Nº Rexistro: 4884
Data envío: 27/05/2024 10:52:36.293

políticas de fomento de emprego de calidade que teña en conta a oferta existente e as potencialidades na zona, polo que mellorar a empregabilidade das persoas da Costa da Morte para poder inserirse laboralmente, contribuíndo a ofertar servizos de calidade que impulsen os principais sectores económicos debería ser unha prioridade do Goberno galego.

Tendo en conta que Galicia recibe ano tras ano do Plan para modernizar a FP do goberno central e implementar a FP dual moitos millóns de euros, parece bastante razoable que estes recursos sexan investidos para mellorar a empregabilidade das persoas mozas que dea resposta ás demandas das empresas do sector que queren ofertar un turismo de calidade, pero necesitan profesionais formados, e no sector pesqueiro que tamén precisa de persoas novas e cualificadas para seguir sendo un sector punteiro na nosa comunidade.

Ante esta situación, as alcaidesas e os alcaides dos ditos concellos levan tempo reivindicando da Xunta de Galicia a creación de graos formativos que permitan formar a persoas mozas nestas especialidades demandadas na zona.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aumentar a oferta de ciclos formativos e de FP dual na bisbarra da Costa da Morte naquelas especialidades demandadas na zona de acordo aos seus sectores estratéxicos.

Santiago de Compostela, 27 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13537

@PSdeG



CSV: B0P5TRD0w4TES#45G?2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2024 10:52:36
Nº Rexistro: 4884
Data envío: 27/05/2024 10:52:36.293

Patricia Iglesias Rey na data 27/05/2024 10:13:24

Julio Abalde Alonso na data 27/05/2024 10:13:37

Silvia Longueira Castro na data 27/05/2024 10:13:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/05/2024 10:14:00

CSV: BGRISIRBQwAESm#4884#2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13538

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as accións necesarias para a humanización e adecuación na estrada PO-551 ao seu paso pola parroquia de Meira no Concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-551, ao seu paso polo Concello de Moaña, é unha infraestrutura que percorre a localidade na súa totalidade, constituíndo a estrada máis importante para a vila pola que circulan diariamente unha importante cantidade de veciñas e vehículos.

Esta estrada, de competencia autonómica, presenta unhas condicións de conservación moi deficientes, que supoñen un risco para a seguridade das persoas que circulan por unhas beirarrúas, en moitos casos ridículas en dimensións.

A falta de beirarrúas dunhas boas dimensión e o estado de deterioro dunha parte importante das mesmas, están a xerar malestar entre a veciñanza, que sente inseguridade ao transitar por esta estrada PO-551 e apuntan riscos reais de caídas e accidentes.

Se ben é certo que se acometeron diferentes obras de humanización e de mellora da seguridade viaria en diferentes tramos da PO-551, como o que discorre polas parroquias de Tirán e de Domaio, o paso desta infraestrutura pola parroquia de Meira presenta un moi mal estado de conservación.

Falamos pois de beirarrúas afundidas, rotas ou mesmo con buracos que deixan á vista tubaxe polas que é imposíbel transitar cunha cadeira de rodas ou cun carro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bebé, e onde as persoas con calquera tipo de dificultade na mobilidade están expostas a caídas e a accidentes.

Alén do estado no que se atopan as beirarrúas, debemos destacar unha imposíbel accesibilidade en grande parte do percorrido, o que fai que se obstaculice dun xeito notorio o uso das beirarrúas por parte de persoas que precisas cadeira de rodas ou con outros problemas de mobilidade.

É necesario, pois, unha remodelación completa desta estrada, que comprenda a humanización nos tramos máis urbanos, o arranxo das beirarrúas e melloras substanciais na accesibilidade, e que teña como principal obxectivo na calidade de vida das veciñas e veciños que viven e se moven pola estrada PO-551, con especial atención aos tramos que discorren pola parroquia de Meira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a incluír no vindeiro orzamento da Xunta a partida económica necesaria para levar a cabo unha importante acción de humanización e melloras da seguridade viaria na estrada PO-551 ao seu paso polo Concello de Moaña, concretamente na parroquia de Meira.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 28/05/2024 10:41:45

Luis Bará Torres na data 28/05/2024 10:46:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os centros de saúde de Folgoso e Seoane do Courel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Courel é unha zona do noso país verdadeiramente especial. A orografía do terreo, a súa historia e a veciñanza que o habita son sen dúbida un dos nosos maiores orgullos como galegos e galegas. Unha terra singular e que merece do maior dos respectos e, por suposto, protección.

Así, revélase increíble que a veciñanza do concello de Folgoso do Courel, que ten dereito aos mesmos servizos que calquera outro cidadán do noso país, teñan que protestar contra o feche das súas consultas médicas. Durante os últimos días numerosas veciñas e veciños víronse na obriga de se achegaren aos seus centros de saúde (nos núcleos de Folgoso e Seoane), para mostrar a súa repulsa a que se lles negue o dereito a seren atendidos no Sergas.

A situación faise aínda máis grave ao coñecerse a resposta da Xunta de Galiza e do Sergas ante as protestas da veciñanza. O goberno galego xustifica a situación e pon a escusa de que o Courel é “unha zona especial de montaña”. Non negamos que sexa difícil a cobertura sanitaria en todos os centros de saúde, pero non é de recibo baixo ningún concepto que a Xunta poña escusas e non exerza como o que é, o goberno de todas e todos os galegos. As veciñas e veciños de Folgoso e Seoane do Courel merecen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e teñen dereito á mesma atención sanitaria que calquera outra persoa residente en Galiza, negarlles o seu dereito non é de recibo por moi difícil que sexa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Solucionar canto antes a situación do sistema público de saúde, en especial no concello de Folgoso do Courel.
2. Dotar das profesionais sanitarias suficientes os centros de saúde de Seoane do Courel e de Folgoso do Courel á maior celeridade.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 28/05/2024 11:24:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2024 11:28:17

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 11:28:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación da trata con fins de explotación sexual e á valoración por parte da Xunta de Galiza dos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trata de persoas é un delito que explota seres humanos con numerosos propósitos, entre eles a explotación sexual, e é un delito no dereito internacional. A día de hoxe o *Protocol to Prevent, Suppress and Punish Trafficking in Persons Especially Women and Children* proporciona a única definición internacionalmente aceptada de trata de persoas e está ratificado polo Estado Español: a trata de persoas significa o recrutamento, transporte, transferencia, albergue ou recepción de persoas, mediante a ameaza ou o uso da forza ou outras formas de coerción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder o dunha posición de vulnerabilidade ou de dar ou recibir pagos ou beneficios para lograr o consentimento dunha persoa que ten control sobre outra persoa, con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, la explotación da prostitución doutros ou outras formas de explotación sexual, traballo ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos humanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A trata de seres humanos, singularmente a relacionada coa explotación sexual, afecta de forma moi superior a mulleres e crianzas. Segundo o documento sobre preguntas frecuentes sobre a trata da ONU, no ano 2018 houbo arredor de 50.000 vítimas de trata de persoas e 148 países denunciaron a súa existencia. O 50% das vítimas foron obxecto de trata con fins de explotación sexual e as mulleres representarían o 46% e as nenas o 19% de todas as vítimas de trata. Así mesmo, triplicouse o número de crianzas vítimas de trata.

Desde hai anos, numerosos documentos internacionais, como a *Declaration on the Elimination of Violence against Women of 1993* sinalan a trata e a explotación da prostitución forzosa de mulleres como forma de violencia contra as mulleres.

No ámbito do Estado español está pendente desde hai anos a aprobación dunha normativa específica estatal ao respecto con rango de lei, e aprobouse a comezos de 2022 o Plan estratéxico Nacional contra a trata e a explotación sexual de seres humanos, PENTRA, 2021-2023 e anteriormente diversas medidas ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia machista, entre as que se atopaba a elaboración dunha lei integral contra a trata de seres humanos, especialmente de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

No ámbito galego, o noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

Este plan considera “*A trata, a explotación sexual e a prostitución son o produto dunha sociedade heteropatriarcal, na que as mulleres e as nenas son as vítimas principais, ao situálas nunha posición de inferioridade e considerálas como obxecto de intercambio comercial. Como expresión da violencia estrutural contra as mulleres, non pode dissociarse da precariedade, a pobreza e a desigualdade, escenarios que facilitan este tipo de abusos ante a falta de oportunidades económicas, educativas e de acceso aos distintos recursos. Polo tanto, un dos grandes desafíos das sociedades democráticas avanzadas non pode ser outro que combater, desde todas as fronteiras, estas execrables expresións da violencia sexual.*” e incorpora cinco áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas cunha previsión orzamentaria total de 7.136.424M€.

Recentemente coñecía publicamente a desarticulación dunha rede que operaba en Galiza e Asturias e tamén, recente no tempo, outra que operaba en Ourense. Tan só para esta parte do país, Ourense, segundo as informacións de Cáritas, que atende situacións deste tipo no seu centro Alumar, habería no ano 2023, ata o mes de novembro, 346 mulleres en situación de trata ou prostitución e arredor de 74 terían pedido axuda.

Estes datos apuntan unha situación moi preocupante e complexa. Polo tanto, é necesario facer seguimento das informacións e actuacións que coñece e desempeña o goberno galego así como coñecer a valoración respecto dos primeiros anos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento do Plan e as perspectivas de traballo e prioridades de cronograma que se están a desenvolver.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara a información relativa aos primeiros resultados da comisión de seguimento do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución orzamentaria desta primeira fase e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas así como unha proposta de calendario para aprobación, en tempo e forma, do seguinte plan.

2. Impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico para o abandono do exercicio da prostitución onde se planifique un itinerario transversal e se

garanta unha axuda periódica para tal fin á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2024 11:46:25

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 11:51:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a aplicación do Programa básico estatal en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2024 o Goberno español publicou no BOE o Real Decreto 93/2024 polo que se regula a concesión directsa dunha subvención á entidade social Cruz Vermella Española para a posta en marcha durante o ano 2024 o Programa do Fondo Social Europeo Plus de Asistencia material básica (Programa BÁSICO).

Trátase da creación dunha tarxeta moedeiro dirixida á adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade para aqueles fogares, con menores a cargo, en situación de pobreza e/ou exclusión social ou risco de a padecer.

O programa debe xestionarse a través das Comunidades Autónomas que son as administracións competentes para a derivación de persoas usuarias, porén, a Xunta de Galiza amosou desde un inicio disconformidade coa proposta e aínda non o executou no noso País.

De feito, en días recentes, a conselleira e o director xeral de Inclusión Social mantiveron un encontro telemático co Ministerio de dereitos sociais no que, segundo a información publicada en diversos medios de comunicación, solicitaron ao Goberno español prorrogar a xestión estatal do programa alén de decembro de 2024, momento en que debiera pasar a ser xestionado pola Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo coa información publicada, a disconformidade co Programa Básico por parte do Goberno galego, radica na exclusión de fogares sen menores a cargo e no feito de que as distribuidoras de alimentación conveniadas non teñen presenza en boa parte do territorio galego.

Desde o G.P. do BNG coincidimos en que as bases do programa son moi mellorables e que non atenden á realidade galega, porén, atrasar e/ ou non asumir a xestión autonómica do mesmo non só non evitará ou corraxirá estes problemas senón que prexudicará a poboación máis vulnerábel do noso País.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a asumir, de maneira inmediata, a xestión da tarxeta moedeiro prevista no Programa Básico estatal e a introducir na súa regulación as mudanzas que sexan necesarias para adecuar a súa implantación en Galiza a realidade social e económica propia do noso País así como para garantir o acceso aos seus recursos ao maior número de fogares en situación de pobreza e/ou exclusión ou risco de padecela.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 28/05/2024 12:34:20

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 12:34:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a residencia asistida de maiores, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores asistida de Oleiros atópase, de xeito semellante a outras do país, nunha situación precaria. Por unha banda, estanse a recibir residentes que non son maiores e que teñen unhas particularidades especiais (nomeadamente, persoas con problemas de saúde mental). Esta residencia atende grandes dependentes, que na actualidade están mesturados e mesturadas con estoutro tipo de residentes, que teñen outro tipo de necesidades. Esta situación resulta problemática tanto para o persoal como para o resto de residentes.

Ademais de formar o persoal para que poida prestar unha atención axeitada nesta nova situación, é preciso incrementar os medios estruturais, materiais e do propio persoal, para atender as persoas con este tipo de problemas, que impidan a mestura cos residentes maiores dependentes.

O persoal actual non é suficiente para atender as necesidades dos residentes maiores, e as problemáticas e casuísticas que provocan a nova situación agravan este feito. Por outra banda, as instalacións e o seu mantemento son bastante deficientes. Agardamos que se execute canto antes o contrato que está aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Inspeccionar a residencia asistida de maiores de Oleiros para detectar posíbeis deficiencias.
- Corrixir a situación de saturación do persoal.
- Formar o persoal para preparalo para atender o novo tipo de residentes.
- Facilitar medios estruturais, materiais e de persoal para corrixir os problemas orixinados pola mestura entre o novo tipo de residentes e os maiores dependentes.
- Resolver canto antes as deficiencias de mantemento do edificio, en cumprimento do contrato aprobado.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 28/05/2024 16:23:22

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2024 16:28:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a convocatoria urxente de axudas aos concellos para a contratación de persoal para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 4 de maio de 2024 a Xunta de Galiza anunciaba que “*financiará a contratación de socorristas para garantir a seguridade en piscinas e praias*”, para o que se anticipaba que a Dirección Xeral de Administración Local “*publicará en breve a orde de axudas*”.

O mero anuncio realizábase nunha data posterior ao da convocatoria que se viña facendo en exercicios anteriores, que xa se realizaban con notable atraso sobre o momento necesario. En diferentes ocasións tanto dende o eido local, como dende as propias entidades relacionadas co salvamento expresaron a súa preocupación pola tardía convocatoria das axudas destinadas á mellora da dotación do servizo de vixilancia e salvamento en espazos acuáticos, demora que dificultaba, cando non impedía, as posibilidades de contratación de persoal para este cometido.

A día de hoxe, e malia o anuncio realizado, aínda non se procedeu á efectiva convocatoria das referidas axudas, o que provocará un atraso nas posibilidades de selección e contratación de persoal e, xa que logo, na posta en marcha do necesario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispositivo de vixilancia e salvamento en espazos acuáticos, tanto nos naturais como nas instalacións acondicionadas para estas actividades.

O certo é que os datos sobre a evolución dos afogamentos en Galiza exixan mellorar o funcionamento dos servizos de socorrismo, na liña contraria á que esta levar a Xunta de Galiza. O pasado trimestre foron 15 as persoas finadas como consecuencia de afogamentos en espazos acuáticos, o número máis elevado de finadas de todo o estado, representando case un 20% do total.

Os resultados, preocupantes, mesmo empeoran aos de 2023 no que ao final do exercicio o número de afogadas (46) foi case un 18% superior aos do exercicio anterior.

O incremento da demora na aprobación da convocatoria das axudas para a contratación de socorristas por parte dos infrafinanciados concellos galegos, carentes de recursos para abordar este incremento de persoal con medios propios, pode provocar que moitos concellos non podan comezar os procesos de selección de persoal ate principios de xullo – agás que recorran á contratación de empresas privadas ou que directamente non podan abrir estes espazos de lecer público.

Tendo en conta que, na práctica totalidade dos casos, os afogamentos ocorren en espazos nos que non existe servizo de vixilancia e salvamento, e a negativa evolución do número de sinistros, así como a necesidade de garantir a seguridade no uso e disfrute nestes espazos, algo para o que é inescusábel a intervención da Xunta de Galiza, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a proceder con carácter inmediato e urxente á convocatoria das axudas destinadas aos concellos para a contratación de persoal para a prestación de servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/05/2024 17:28:27

Óscar Insua Lema na data 28/05/2024 17:32:56

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2024 17:32:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora e acondicionamento pola Xunta de Galiza da estrada OU-413 de titular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é titular da estrada OU-413 que conecta a estrada OU-402 (coñecida como antiga estrada de Ribadavia), co Seminario. A pesares dos seus pouco máis de 500 m. esta estrada é unha importante vía de comunicación, e non só por constituíren a circunvalación do barrio de Vista Fermosa, senón por que é o medio ordinario de conexión entre a capital con urbanizacións, residencias e mesmo con diversos núcleos de poboación do concello de Barbadás, o que fai que se trate dunha vía cun tránsito notable.

Como consecuencia da ausencia de actuacións de mantemento e conservación durante moitos anos a estrada presenta un evidente mal estado que compromete a seguridade das usuarias, xa sexan condutoras ou peóns.

A existencia de fochancas, socavóns ou irregularidades no firme, a total ausencia de sinalización horizontal, pasos de peóns ou mesmo de iluminación impiden que tanto o uso da vía en condicións de seguridade para vehículos ou peóns, quen tamén





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ve afectada a súa seguridade pola ausencia ou mal estado das beirarrúas obrigando ao transito polo interior da calzada.

A ausencia de alumeado público que facilite a visibilidade das persoas que transitan pola vía incrementa os seus riscos e condiciona a súa seguridade.

Tanto a Lei de Estradas de Galiza, como a normativa en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (R Decreto – Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro) atribúe á titular da vía a responsabilidade no mantemento da mesma nas mellores condicións de seguridade para a circulación, así como a instalación e conservación das correspondentes sinais e marcas viarias. Xa que logo é á Xunta de Galiza a quen corresponde a conservación e coidado da vía, e establecer a sinalización para que a circulación e transito viario e peonil se faga nas mellores condicións de seguridade posíbel.

A realidade é que a Xunta de Galiza non se está a ocupar da realización das máis elementais actuacións para o mantemento e coidado da estrada, permitindo o constante deterioro da mesma e desoíndo as peticións e denuncias realizadas pola propia veciñanza que se ve impedida para circular ou transitar por esta vía baixo as máis elementais medidas de seguridade e tranquilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á realización das obras e actuacións de renovación e conservación do firme, de acondicionamento das beirarrúas, e de mellora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da sinalización e iluminación que permitan a circulación e transito pola mesma en condicións de seguridade.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/05/2024 17:44:00

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2024 17:46:50

Luis Bará Torres na data 28/05/2024 17:46:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o estado de desenvolvemento dos proxectos tractores anunciados polo goberno galego en 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aló polo ano 2020 o goberno galego anunciaba, no marco dos plans de recuperación no contexto da COVID 19, unha serie de proxectos tractores co obxectivo de reactivar a economía despois da pandemia, en palabras do daquela presidente da Xunta, o señor Feijóo, “*a través da tecnoloxía, a biodiversidade e a economía circular e verde*”.

Foron anunciados nun primeiro momento un total de tres proxectos, un primeiro centrado na xeración de hidróxeno verde a partir de fontes renovables. Un segundo proxecto co foco posto na economía circular a través da valorización e reutilización de residuos. E, por último, un proxecto arredor da xestión sustentables dos bosques.

Dende aquel momento os supostos proxectos tractores foron modificando as súas características e a súa forma até que en outubro de 2020 o presidente do goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou que se ían presentar catro proxectos tractores: unha planta de hidróxeno, un centro para o impulso da economía circular, a fabricación de fibras téxtiles a partir de madeira e a instalación dunha nova potencia renovábel.

Así e todo en 2021 preséntanse os proxectos recollidos na seguinte táboa ante o presidente do goberno do estado:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PROXECTO	DESCRIPCIÓN	INVERSIÓN (M€)	EMPREGO
Planta de produción de fibras	Xestión sostible dos montes galegos para a produción de fibras celulósicas	1.140	9.700
Planta de Economía circular	Aproveitamento de residuos orgánicos na produción de biogás, CO2 industrial e fertilizantes, así como para o tratamento e valorización doutros residuos.	500	5.000
Polo Aeroespacial de Galicia 2025	Consolidación do CIAR como o epicentro da I+D en UAVs en Europa e creación de tecido industrial en torno ao sector	600	700
AUTOANCORA	Desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos limpos, intelixentes e sostibles.	1.300	912
ZENDAL	Fabricación de vacinas contra a covid e a tuberculose	111	1.400
TOTAL		3.651	17.712

ente créase a Sociedade público-privada Impulsa Galicia, a cal como fin declarado de facilitar e dinamizar o tecido produtivo mediante o desenvolvemento de proxectos tractores que encaixen na captación de fondos Next Generation.

Assí, a maio de 2024, esta Sociedade expresa que están activos seis proxectos principais:

- **Xestión sostible dos bosques galegos:** Na que se enmarca o proxecto da macrocelulosa de Altri, na que se expón un investimento de aproximadamente 800 millóns de euros e un emprego de 2.500 entre directos e indirectos (10.000 durante a etapa de construción). Este proxecto conta cun amplo rexeitamento social.
- **Economía circular:** A partir do tratamento de residuos (principalmente xurros) para a produción de biocombustibles, cun investimento estimado de 600 millóns de euros e unha estimación de crear 2.500 empregos.
- **Xeración de hidróxeno verde:** Proxecto co foco na xeración de hidróxeno verde mediante electrólise con enerxías renovábeis, contemplando un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investimento para isto de 156 millóns de euros e a creación de 400 empregos totais.

- **Centro de datos:** Servizo de almacenaxe de datos, conectividade de alta velocidade e banda ancha con baixa latencia para favorecer a dixitalización das pemes. Neste sentido establécese un investimento de 400 millóns de euros e unha creación de aproximadamente 100 empregos altamente cualificados.
